



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER

Código do centro 15025025

Ronda de Outeiro 72 1

881 960 980

881 960 987

ceip.sanfrancisco@ed

<http://www.edu.xunta.gal>

PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



**CEIP SAN
FRANCISCO
JAVIER**



ÍNDICE

0. Introducción	4
1. Xustificación baseada no contexto	6
2. Identificación e valoración das necesidades	7
3. Determinación dos obxectivos	8
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade	12
4.1.- Medidas de atención á diversidade.....	12
4.1.1.- Medidas Ordinarias.....	12
4.1.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado. Estratexias organizativas.....	12
4.1.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. Estratexias curriculares.....	15
4.1.1.3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Estratexias metodolóxicas	19
4.1.1.4. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.....	20
4.1.1.5. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.....	20
4.1.1.6. Programas de enriquecemento curricular.....	21
4.1.1.7. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	21
4.1.1.8. Programas de habilidades e competencias sociais.....	22
4.1.2. Medidas Extraordinarias.....	23
4.1.2.1. Adaptacións curriculares ou adaptacións do currículo.....	23
4.1.2.2. Agrupamentos flexibles.....	23
4.1.2.3. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.....	26
4.1.2.4. Grupos de adquisición de linguas para alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento de ambas linguas.....	27
4.1.2.5. Grupos de adaptación da competencia curricular para alumnado procedente do estranxeiro con desfaseamento curricular	29
4.1.2.6. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.....	31
4.1.2.7. Flexibilización do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria.....	31
4.1.2.7.1. Flexibilizacións por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais.....	31
4.1.2.7.2. Flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais.....	33



4.1.2.8. Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.....	35
4.1.2.8.1. Atención educativa domiciliaria.....	35
4.1.2.8.2. Atención educativa hospitalaria.....	37
4.1.2.9. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.....	39
4.1.2.10. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.....	39
4.1.3. Medidas e actuacións para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero	41
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.....	43
5.1. Organización dos Recursos materiais.....	43
5.1.1. Procedemento para solicitar material específico para alumnado con NEAE.....	43
5.1.2. Procedemento para o solicitar material específico para alumnado con NEE, aos centros de educación especial que funcionen como centros de recursos.....	44
5.2. Organización dos Recursos profesionais. Persoal non docente.....	45
5.2.1. O persoal auxiliar coidador.....	46
5.2.1.1. Funcións do persoal auxiliar coidador	46
5.2.1.2. Criterios para a asignación de alumnado ao persoal coidador.....	47
5.2.1.3. Criterios de intervención do persoal coidador.....	47
5.2.2. Intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira.....	49
5.2.2.1. Funcións do persoal Intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira	49
5.2.3. Procedemento para a solicitude inicial e/ou continuidade do persoal auxiliar coidador e do persoal intérprete da lingua de signos	50
5.3. Organización dos Recursos profesionais. Persoal docente.	50
5.3.1. Profesorado con dispoñibilidade horaria.....	51
5.3.2. Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.....	52
5.4. A familia como recurso.....	52
5.4.1. Responsabilidade da familia no proceso de aprendizaxe das fillas e dos fillos	52
5.4.2. Responsabilidade do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.....	53
5.5. Criterios para a aplicación das medidas.....	54
5.5.1. Medidas ordinarias.....	54
5.5.2. Procedemento para solicitar a intervención do departamento de orientación.....	56
5.5.3. Medidas extraordinarias.....	59
5.5.3.1. Criterios e procedemento para elaboración e autorización de Adaptación Curricular.....	60
5.5.3.2. Criterios para a organización da atención especializada do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe	63



6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	65
6.1. Administración educativa:	66
6.2. Centros docentes	66
6.2.1. Equipo directivo.....	69
6.2.2. Profesorado titor e especialista	71
6.2.3. Profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.....	73
6.2.4. Xefatura do Departamento de Orientación	75
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e co centro de adscrición	77
7.1. Mecanismos de coordinación e colaboración internos	77
7.2. Mecanismos de coordinación e colaboración externos.....	80
8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titoras e titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro	82
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias	90
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan	92
ANEXO I - Actualización normativa	93
ANEXO II – Documentos	116

Este Plan Xeral foi informado polo Claustro e aprobado polo Consello Escolar en sesión ordinaria de 29 de xuño de 2022.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

0 . INTRODUCCIÓN

Dende o curso 2017/18 en que se realizou a última revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade do CEIP San Francisco Xabier, ata a actualidade, o marco normativo en que se circunscribe foi evolucionando coa publicación de novas disposicións legislativas, tanto a nivel estatal coma da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo preciso adecuar á lexislación vixente este documento base das actuacións e medidas de atención á diversidade coas que o noso centro procura dar resposta educativa ás necesidades da totalidade do noso alumnado.

A nivel estatal, o máis destacado é o novo contexto legislativo que supón a entrada en vigor o 19 de xaneiro de 2021 da LOMLOE, a *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, (publicada no BOE de 30/12/2020), cun calendario que prevé o remate da súa implantación no curso 2023/24. Dito calendario sinala a posta en vigor no presente curso 2021/22 das modificacións relativas á avaliación e condicións de promoción nas diferentes etapas educativas; no curso 2022/23 as modificacións no currículo, organización e obxectivos das ensinanzas nos niveis impares (1º, 3º e 5º) da Educación Primaria e no curso 2023/24 nos niveis pares (2º, 4º, 6º), no que atinxe ás ensinanzas do noso centro.

A nova Lei orgánica supón, por un lado, un desenvolvemento normativo:

- *Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE de 17/11/2021)*
- *Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas mínimas de Educación Infantil. (BOE de 02/02/2022)*
- *Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. (BOE de 02/03/2022)*

E por outro, unha actualización da normativa autonómica que incorpore os cambios introducidos na lexislación estatal. Na nosa Comunidade Autónoma está en proceso de desenvolvemento, coas seguintes disposicións:



- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato (DOG de 11/02/2022)*
- *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG de 11/02/2022)*
- *Orde de 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado a obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato (DOG de 11/03/2021)*
- *Circular 1/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.*
- *Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*

5

Por outra parte, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvólvese coa recente publicación da *Orde do 8 de setembro de 2021* (DOG, 26/10/2021), que describe un marco educativo que persegue a inclusión efectiva de todo o alumnado a través do deseño universal para a aprendizaxe (DUA)



No ANEXO I recóllense os aspectos máis salientables da actualización normativa, tanto estatal coma autonómica, cuxa vixencia afecta a diferentes aspectos deste Plan.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A atención á diversidade deriva, principalmente, da constatación de que os axentes do proceso de ensinanza-aprendizaxe son distintos: igual que o alumnado presenta distintos estilos de aprendizaxe, intereses, capacidades e motivacións; tamén o profesorado mantén diferentes estilos de ensinanza e competencias técnicas para ensinar. Articúlase en forma dun continuo de medidas, desde as máis globais (por exemplo, a adecuación do currículo) ás máis contextualizadas no marco concreto da aula e que supoñen un axuste pedagóxico ás características do alumnado.

O CEIP "San Francisco Javier" está ubicado no barrio da Cubela na cidade da Coruña, cun nivel sociocultural medio-alto. O centro conta no catálogo de centros con 18 unidades, 6 de E.I e 12 de E.P, se ben neste momento ten habilitadas unha unidade máis de 4º e outra máis de 5º de educación primaria. O centro ten unha alta demanda na matrícula polo que a ratio da maioría das aulas está no límite permitido pola lei, e na situación do centro anterior á pandemia en gran parte das aulas superábase. Esta escolarización por riba de ratio foi causa de que, en aplicación das medidas do protocolo covid, no curso 2020-21 se realizasen desdobres que se manteñen no 2021-22 unicamente en 4º e 5º de Primaria, con tres unidades habilitadas en cada un destes niveis.

O noso colexio é un centro de escolarización ordinaria no que habitualmente se matricula, con reserva de praza no procedemento ordinario de admisión, alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo que require unha atención educativa diferente á ordinaria, de forma temporal ou permanente, para superar as barreiras de acceso ao curriculum.

En función dos ditames de escolarización emitidos polos servizos de orientación (EOE) para proporcionar ao alumnado con NEE a atención educativa que se considere máis adecuada, pode haber alumnado en modalidade de escolarización combinada cun centro específico da zona con autorización da xefatura territorial,



asistindo parcialmente ao centro ordinario e nas condicións que se recollan no correspondente ditame.

En canto ao **persoal docente** o centro conta no presente curso con 6 docentes titoras e titores de EI, 14 docentes titoras e titores de E.P., 2 especialistas de Inglés, 2 especialistas de Educación Física, 2 especialistas de Pedagogía Terapéutica, 1 especialista de Audición e Linguaxe e outra (media) compartida con outro centro, 1 especialista de Educación Musical, 1 profesora de Relixión, 2 profesoras de apoio a Educación Infantil, e unha persoa que ocupa a Xefatura do Departamento de Orientación. Respecto do **persoal non docente**, ademais do persoal de conserxería e administración, o centro ten asignadas actualmente tres persoas coidadoras (ATE) que desenvolven as súas funcións con alumnado con NEE.

2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Cómpre partir da identificación das necesidades reais do centro e da comunidade educativa para tratar de darlles unha resposta axeitada ás mesmas.

Nos recentes cursos aumentou nos primeiros niveis de Educación Infantil a escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, con diagnósticos de TEA, retraso madurativo que se manifesta especialmente na ausencia ou dificultades da linguaxe, en trastornos de conduta e dificultades de adaptación ao entorno escolar, dependencia do adulto para hábitos básicos de hixiene e alimentación, desprazamentos por limitacións na mobilidade, etc.

Así mesmo detéctase maior presenza no alumnado dos primeiros niveis de atrasos na adquisición da linguaxe e dificultades de pronuncia. O uso da máscara durante a pandemia significou unha dificultade engadida no proceso de adquisición da linguaxe, así como á hora da intervención especializada.

Nos últimos anos observouse un aumento na escolarización no centro de alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo galego, procedente do extranxeiro. Algún deste alumnado chega con descoñecemento dunha ou das dúas linguas vehiculares, e con bastante frecuencia tamén con desfase curricular, sendo preciso aplicar as medidas contempladas para a atención educativa deste alumnado.

As demandas do profesorado ao DO céntranse maioritariamente na valoración das NEAE do alumnado e na demanda de recursos de apoio.



En consecuencia aumenta a necesidade de profesorado para realizar apoios, de maneira especial profesorado de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, sendo insuficiente a dotación actual. En canto ao persoal coidador foi asignada provisionalmente ao centro unha terceira persoa, dado que algún deste alumnado precisa supervisión permanente. As tres persoas coidadoras completan o seu horario, además da permanencia no centro no horario lectivo, coa atención do alumnado asignado no tempo de comedor escolar, do que é usuario.

As instalacións do centro, especialmente a ausencia dun ascensor que substitúa ao obsoleto salvaescaleiras, non favorecen o desprazamento autónomo das persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida polas diferentes estancias e niveis. Son necesarias melloras na accesibilidade.

Se queremos atender á diversidade do noso centro dende un enfoque verdadeiramente inclusivo, cómpre:

- Dar respostas educativas inclusivas. Favorecer a participación de todo o alumnado na planificación das actividades educativas de aprendizaxe, así como nas complementarias e extraescolares.
- Deseñar actividades, instrumentos e procedementos de avaliación que teñan en conta e se adapten á diversidade do noso alumnado.
- Reforzar as aprendizaxes do alumnado dentro da aula.
- Asumir que a discapacidade non é unha característica da persoa, senón o resultado da interacción entre as súas limitacións e o entorno.
- Primar as propostas organizativas, metodolóxicas, curriculares e sociais que dean unha resposta inclusiva a todo o alumnado.
- Só cando estas se teñan esgotado, aplicar medidas máis específicas e extraordinarias.

8

3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

Os **obxectivos xerais** que nos propoñemos alcanzar con este **Plan de Atención á diversidade** son os seguintes:

- ✓ Establecer un punto de encontro e reflexión de todos os profesionais do centro favorecedor da inclusión de todo o alumnado.



- ✓ Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- ✓ Procurar o maior desenvolvemento posible da autonomía persoal e de adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
- ✓ Considerar medidas preventivas que permitan detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe tan pronto como se produzan.
- ✓ Reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa ao alumnado en situación de desvantaxe.
- ✓ Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención a diversidade.
- ✓ Procurar unha dotación adecuada e suficiente no centro de recursos humanos e materiais para a atención á diversidade en función das necesidades reais.
- ✓ Organizar e optimizar o uso dos recursos humanos e materiais do centro para atender ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- ✓ Potenciar a acción titorial e función orientadora do profesorado.
- ✓ Fomentar a participación das familias e involucralas no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.
- ✓ Potenciar o fomento da prevención e tratamento integral sobre violencia de xénero segundo determina a normativa oficial, Lei 11/2007, do 27 de xullo,

► **Alumnado:**

- ✓ Desenvolver plans de acollida e integración escolar e social de todo o alumnado e familias que se incorporan ao centro, en especial aquelas procedentes do extranxeiro por diversas causas e circunstancias.
- ✓ Fomentar valores inclusivos compartidos, buscando acadar unha maior participación de todas e todos.
- ✓ Valorar as necesidades educativas, no ámbito da atención á diversidade, do alumnado e do seu contexto e desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.



- ✓ Implementar no posible programas de prevención de dificultades de aprendizaxe.
- ✓ Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- ✓ Diseñar e desenvolver medidas ordinarias e/ou extraordinarias de atención ao alumnado con NEAE.
- ✓ Diseñar estratexias para favorecer a adquisición das competencias clave.
- ✓ Promover valores de respecto e aceptación das diferenzas individuais.
- ✓ Impulsar o desenvolvemento persoal do alumnado: autonomía e asunción de responsabilidades.
- ✓ Fomentar hábitos de estudo e traballo.
- ✓ Diseñar actividades para desenvolver habilidades sociais que incidan na resolución de conflitos de forma pacífica e positiva.

► **Profesorado:**

- ✓ Desenvolver valores inclusivos compartidos, entendéndose a inclusión como unha maior participación de todas e todos e valorándose a diversidade como un recurso para a aprendizaxe.
- ✓ Diseñar as actividades de aprendizaxe que posibiliten a participación de todo o alumnado na medida das súas posibilidades e capacidades, valorando por igual e mantendo expectativas altas para todas e todos.
- ✓ Asumir as responsabilidades titoriais na atención educativa de todo o alumnado do grupo, incluso cando aparecen dificultades de conduta ou de outra índole.
- ✓ Establecer criterios de igualdade e equidade na organización dos grupos para apoiar a aprendizaxe de todo o estudiantado.
- ✓ Promover e facilitar a actuación coordinada e o traballo en equipo do persoal titor, profesorado de apoio,... para a resposta ás necesidades do alumnado.
- ✓ Coordinar a proposta de tarefas escolares que realmente contribúan á aprendizaxe de cada estudante.
- ✓ Fomentar a participación do profesorado en programas de formación continua e innovación educativa a través dos proxectos de formación en centro.



► **Centro e Entorno:**

- ✓ Promover actividades e asegurar no centro as condicións adecuadas que contribúan á saúde e a un medio ambiente sano: o xogo, o ocio, a amizade, a ausencia de estrés, bos hábitos de alimentación, descanso e deporte.
- ✓ Recoller as suxestións da CCP no tratamento da diversidade.
- ✓ Recoller nas programacións curriculares do centro as medidas de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con NEE
- ✓ Diseñar actuacións para facilitar a integración do novo alumnado e previr dificultades escolares: erradicar todo tipo de discriminación, exclusión ou maltrato entre iguais (“bullying”)
- ✓ Promover dende o centro a convivencia e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- ✓ Garantir a coordinación necesaria coa fin de que o paso do alumnado polos distintos niveis e etapas sexa o máis coherente posible.
- ✓ Coordinación cos servizos educativos, médicos ou asistenciais (servizos sociais, USMI-X, etc...) e outros axentes externos de carácter público ou con convenio coa Consellería de Educación, que actúen co noso alumnado e de cara á mellora da atención que dende o centro se lle proporcione.
- ✓ Coordinación cos profesionais dos centros específicos que atenden ao noso alumnado de escolarización combinada.
- ✓ Buscar asesoramento e colaboración dos equipos de orientación específicos (EOE), e doutros servizos externos de apoio.
- ✓ Fomentar e posibilitar a participación de todos os membros da comunidade de forma igualitaria nos procedementos establecidos na lexislación vixente e nas NOF.

► **Familias:**

- ✓ Desenvolver canles de comunicación fluída e construtiva entre o centro e as familias do alumnado para procurar a súa participación e colaboración no centro e nas medidas a levar a cabo, implicándoas no proceso educativo das fillas e dos fillos.



- ✓ Asesorar e informar ás nais, pais ou representantes legais sobre o proceso educativo das fillas ou fillos.
- ✓ Facilitar a relación familia-profesorado titor, que permita un mellor coñecemento do alumnado e unha intervención adecuada sobre os problemas de aprendizaxe ou de conduta que poidan xurdir.

4.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

4.1.- Medidas de atención á diversidade.

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

4.1.1.- Medidas Ordinarias

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

Empregaranse estratexias **organizativas, metodolóxicas, curriculares e sociais** para ofrecer respostas adecuadas á diversidade das necesidades de aprendizaxe do alumnado, dende un enfoque inclusivo.

4.1.1.1. *Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado. Estratexias organizativas. (Art. 43 da Orde do 8 de setembro de 2021)*

Nos correspondentes documentos do centro, e de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non



discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, estableceranse criterios para:

- a) A elaboración dos horarios do alumnado.
- b) A asignación de titorías.
- c) O agrupamento do alumnado.
- d) A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:

- Mellora da accesibilidade, dirixida a eliminar todo tipo de barreiras
- Creación de ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
- Organización flexible da aula.
- Facilitación do acceso do alumnado aos diferentes espazos e instalacións.
- Patios de recreo inclusivo, patios dinámicos.

Estratexias organizativas da aula:

Apoios dentro da aula: O obxectivo é garantir a presenza de todo o alumnado nas aulas, como paso previo á participación, favorecer o progreso na autonomía do alumnado e reducir os apoios. Por norma xeral, salvo actuacións específicas xustificadas no informe psicopedagóxico, os apoios realizaranse dentro da aula.

Poden realizarse de diferentes formas:

<i>Tipo de apoio</i>	<i>Adecuación</i>
Axudar á nena ou neno sentándose ao seu lado a facer e rematar as tarefas propostas pola persoa titora	Dificultades atencionais e alta dependencia do alumnado.
Axudar á nena ou neno aumentando progresivamente a distancia. Axudar a outro alumnado ocasionalmente.	Favorecer os progresos en autonomía para ir reducindo os apoios.



Acompañar e axudar a pequenos grupos dentro da aula.	Diferenciación de actividades. Flexibilidade para mover os grupos.
Axudar a toda a aula. Os dous profesionais docentes desprázanse pola aula axudando a todo o alumnado.	Require coordinación entre ambos docentes e compartir obxectivos.
Traballo en grupos heteroxéneos, cooperativos. Distribuir o alumnado en grupos e cada docente faise cargo duns grupos.	Traballo por proxectos, traballo cooperativo.
Persoa titora e persoa de apoio dirixen a actividade de forma conxunta.	Debates de valores, actitudes, normas.
A persoa de apoio conduce a actividade e a persoa titora apoia a quen máis o necesita.	Favorece o coñecemento do alumnado e a observación dos procesos de ensino/aprendizaxe por parte da persoa titora.
A persoa de apoio prepara material para cando a persoa titora está soa na aula.	Facelo de maneira compartida.

Docencia compartida: dúas persoas docentes poden traballar xuntas na aula de forma que se apoie a todo o alumnado, non a un estudante en concreto nin á persoa titora. Tipos:

- *Desdobres de grupos* para a utilización simultánea de diferentes espazos especializados, coma a biblioteca, a aula de ordenadores, ou para actividades como reforzos de lectoescritura, etc.
- *Intercambio de roles:* a persoa de apoio prepara e organiza a clase.



Grupos interactivos: Son unha forma de organización da aula que supón a participación en varias tarefas de forma sucesiva, sendo cada tarefa dirixida por unha persoa adulta, que fomenta o diálogo e a participación.

Recantos de aprendizaxe: Organización do espazo de aula para que se produzan interaccións ao contacto con materiais e actividades diversas. Desenvolven a autonomía do alumnado e favorecen a aprendizaxe por descubrimento.

4.1.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. Estratexias curriculares. (Art. 44 da Orde do 8 de setembro de 2021)

Partindo da organización das **medidas de carácter xeral** terase en conta á diversidade do alumnado, en especial aquel que atopa maiores dificultades no seu proceso de aprendizaxe, que presenta necesidades educativas especiais, etc. Á hora de confeccionar os grupos, realizarase cos criterios de agrupamento recollidos nas NOF e tendo en conta os ditames de escolarización e a información do DO

Indicadores para incorporar as medidas de atención á diversidade nas programacións de área.

Considerarase a propia programación das áreas o materias como o elemento básico para incorporar medidas de atención á diversidade, en tanto que supón unha concreción do currículo establecido.

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o nivel de competencia curricular de cada alumna ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do *deseño universal de aprendizaxe*, facilitando espazos de participación para todo o alumnado.

Neste sentido as programacións deben incorporar os seguintes elementos:

- ✓ Criterios de avaliación mínimos de cada área ou materia.
- ✓ Obxectivos básicos ou mínimos e as capacidades descritas neles para superar a área.
- ✓ Gradación dos contidos en función dos diferentes niveis, capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.



- ✓ Criterios de avaliación, a ser posible, secuenciados, así como criterios de promoción.
- ✓ Formular os estándares de aprendizaxe dende unha perspectiva inclusiva, tendo en conta a toda a diversidade da aula, e de forma que todos os estudantes teñan a oportunidade de acadalos.
- ✓ Proposta de actividades que se sitúen na ZDP (Zona de Desenvolvemento Próximo), é dicir, entre o que poden facer sen axuda e o que poden facer con axuda, para que supoñan un reto.
- ✓ Procedementos para a realización de adaptacións curriculares non significativas.
- ✓ Decisións sobre as actividades de recuperación, reforzo e apoio.

Estratexias curriculares

Trátase de facer flexible o currículo dende o enfoque do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), é dicir, deseñar programacións didácticas accesibles e inclusivas que teñan en conta a todo o alumnado da aula.

Nos fundamentos teóricos do DUA fálase de tres redes neuronais vinculadas á aprendizaxe: Unha *rede afectiva* que se activa presentando actividades motivadoras; unha *rede de recoñecemento* que se activa ofrecendo a información en distintos formatos; e unha *rede estratéxica* que se activa graduando as tarefas de menor a maior complexidade.

O DUA baséase en tres principios, relacionados con estas tres redes, que consisten en ofrecer a todo o alumnado:

-Múltiples formas de implicación. Algunhas estratexias para motivar ao alumnado poden ser:

- Crear un clima de aceptación e apoio na aula.
- Traballar as emocións, as habilidades sociais, crear lazos de afecto.
- Traballar por parellas, en equipo, fomentar as interaccións dialóxicas.
- Preparar na aula un “recanto da calma”.
- Propoñer retos, actividades basadas nos seus intereses.



- Evitar facer sempre o mesmo.
- Despertar a curiosidade na aula.
- Fomentar a “Aprendizaxe Servizo” desenvolvendo compromisos sociais.
- Deseñar actividades multinivel.
- Ter flexibilidade cos tempos de execución, especialmente na avaliación.
- Permitir a exploración e a experimentación.
- Traballar as rutinas de pensamento (metacognición)
- Empregar estratexias de autoavaliación: listas de control, rúbricas...

-Múltiples formas de representación. Presentar a información ao alumnado en soportes e formatos variados, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento da información.

- Textos audiovisuais, non só escritos.
- Adaptar textos a fácil lectura para facelos máis accesibles.
- Empregar a cor para resaltar aspectos importantes.
- Ofrecer opcións de ampliación do tamaño da letra e/ou sons.
- Deseñar actividades que promovan habilidades de pensamento.
- Favorecer a manipulación de obxectos e modelos espaciais.
- Matemáticas manipulativas.
- Emprego de linguaxe visual e verbal
- Proporcionar exemplos, analoxías, metáforas, debuxos, para facilitar a comprensión.
- Apoios para o vocabulario (glosario)
- Elaborar un dicionario visual.
- Emprego de estratexias nemotécnicas.
- Ofrecer a información por todos os sentidos.



-Etc.

-Múltiples formas de acción e expresión. Ofrecer ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e planificarse.

-Permitir formas diferentes da linguaxe escrita para expresar o que saben.

-Traballar as **funcións executivas** e a **atención** na aula:

- ✓ Graduar as tarefas de menor a maior complexidade.
- ✓ Dividir as tarefas de forma que o alumnado teña obxectivos a curto prazo.
- ✓ Tarefas de menor duración.
- ✓ Proporcionar unha rúbrica que axude ao alumnado a facer un seguimento dos seus avances. (**Auto-regulación**)
- ✓ Dar instrucións simples e claras, acompañalas dunha lista (checklist) que axude a estruturar e executar a tarefa.
- ✓ Modificar o entorno para eliminar posibles distractores da aprendizaxe (sinalización, descansos para manter a atención, cambio de actividades...)
- ✓ Empregar instrumentos para a **xestión do tempo** (reloxos, cronómetros ou app)
- ✓ Estratexias para a **planificación**, como mapas conceptuais, secuencia de pasos, guións sociais ou dilemas morais.
- ✓ Traballar a **fluidez verbal** con actividades que promovan a expresión oral: podcast, entrevistas, narracións orais, monólogos, debates...
- ✓ Traballar a **Inhibición** mediante Autoinstrucións.
- ✓ Traballar a **memoria de traballo** mediante actividades de narración, letras de cancións, obras de teatro.



- ✓ Traballar a **flexibilidade cognitiva** mediante preguntas abertas con diferentes opcións de resposta, analoxías ou metáforas.

4.1.1.3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. Estratexias metodolóxicas. (Art. 45)

Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe, poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo que promovan a inclusión, co obxectivo de que todo o alumnado participe das actividades que se levan a cabo dentro da aula.

Algunhas propostas son:

-Metodoloxías inductivas, como a Aprendizaxe Baseada en Proxectos, problemas ou retos. O alumnado asume o protagonismo da súa propia aprendizaxe, construíndo o coñecemento a partir dun reto, dunha pregunta ou situación concreta á que deben buscar unha solución, un produto final que deberán presentar ante unha audiencia (os propios compañeiros). O papel do profesorado é de guía da aprendizaxe. Favorécese o traballo autónomo e o desenvolvemento de competencias clave.

-Aprendizaxe cooperativa, baseada no carácter social da aprendizaxe. Promóvese o traballo en pequenos grupos heteroxéneos para profundizar en aspectos curriculares, ao tempo que se establecen vínculos emocionais de coidado, respecto e solidariedade. Asegurar a participación e interacción de todo o alumnado.

-Aprendizaxe colaborativa. Agrupar o alumnado por parellas cun nivel de competencia similar, para axudarse mutuamente en tarefas de lectura, dictados, problemas...

-Aprendizaxe Servizo, no que o alumnado identifica unha situación a mellorar e a partir de aí desenvolve un proxecto solidario, unindo a aprendizaxe co compromiso social.



4.1.1.4. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación. (Art. 46)

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área ou materia que imparta ás circunstancias do seu alumnado, con especial consideración ao alumnado necesidade específica de apoio educativo.

Nesta adaptación poderase ter en conta:

- A forma de comunicación que o alumnado necesite
- A secuenciación das tarefas,
- A verificación da comprensión das tarefas,
- A dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos
- A concesión do tempo necesario.

Procurarase levar a cabo:

- Avaliacións por competencias**, nas que se permita a participación do alumnado en procesos de autoavaliación e coavaliación, desenvolvendo a metacognición. Pódense empregar rúbricas, rexistros, diarios de aprendizaxe.
- Avaliacións flexibles** que permitan a todo o alumnado demostrar o que ten aprendido, mesmo ofrecendo múltiples formas de avaliación.

4.1.1.5. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (Art. 48) (“apoio de nivel”)

O **reforzo educativo** é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe **elaboralas** o profesorado que imparta a área, a materia en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar á xefatura de estudos e á nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.



O **desenvolvemento** das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de **profesorado con dispoñibilidade horaria** (chamado “*apoio de nivel*”), que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo **reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación** do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un **informe individual** dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro. (Anexo II: Informe individual de Reforzo Educativo)

4.1.1.6. Programas de enriquecemento curricular (Art. 49)

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao *alumnado que presenta altas capacidades intelectuais*, ao que se refire o artigo 9 da Orde do 8 de setembro de 2021. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais.

É competencia e responsabilidade do profesorado da área, a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

4.1.1.7. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso (Art. 50)



Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un *plan específico de reforzo*, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

4.1.1.8. Programas de habilidades e competencias sociais (Art. 53)

a) Conforme ao establecido no artigo 53.2. da Orde do 8 de setembro de 2021, desenvolveranse un *programa de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado* que se incluírá no Plan de Acción Titorial e recollerá actuacións a desenvolver *en todas as áreas ou materias*, tendo a consideración de *elementos transversais do currículo*.

b) Igualmente, de conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado *como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia*, dirixido ao alumnado



que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

c) Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, *este temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.*

4.1.2. Medidas Extraordinarias

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse *medidas extraordinarias de atención á diversidade* todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Inclúense:

4.1.2.1. *Adaptacións curriculares ou adaptacións do currículo (Art. 55 da Orde do 8 de setembro de 2021)*

Son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

4.1.2.2. *Agrupamentos flexibles (Artigo 56 da Orde do 8 de setembro de 2021)*

Son agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes



agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria. Precisan autorización da Inspección Educativa.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles teñen carácter temporal e voluntario e non supoñen a ampliación de unidades do centro docente, nin incremento na dotación de profesorado do centro, polo que, de ser o caso, deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria.

Procedemento para a proposta de conformación dun agrupamento flexible:

- a) Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á cal asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible. En todo caso,



o alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.

b) Informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.

c) Informe da xefatura do departamento de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.

d) Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa. Corresponde ao profesorado titor o traslado desa información e a obtención da conformidade da familia.

e) A dirección do centro docente solicitaralle durante o mes de setembro á Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:

- 1) Áreas que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas para acadar as competencias necesarias para as aprendizaxes do curso de referencia.
- 2) Relación do alumnado seleccionado, indicando os criterios de selección e as medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.
- 3) Horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.
- 4) Relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.
- 5) Procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou materia do grupo ordinario, de ser o caso.



6) Conformidade expresa da familia do alumnado afectado.

No caso de alumnado de nova incorporación ao centro docente, a decisión adoptarase tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial, e seguindo o procedemento descrito anteriormente.

De igual modo se procederá para a incorporación de novo alumnado logo de constituídos os agrupamentos flexibles. A proposta de incorporación, de ser o caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído.

Avaliación: A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área no devandito agrupamento. Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumna ou alumno que participase nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede, no curso seguinte.

A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación.

Calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao servizo territorial de Inspección Educativa.

4.1.2.3. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro (Art. 67 da Orde do 8 de setembro de 2021)

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de



historia escolar. A escolarización deste alumnado realizarase segundo o procedemento de admisión regulado na normativa ordinaria.

En ocasións este alumnado procedente do estranxeiro solicita a admisión no centro unha vez finalizado o procedemento ordinario e xa iniciado o curso. Cando a alumna ou o alumno procedente do estranxeiro se incorpore ao sistema educativo galego, matriculándose no centro polo procedemento extraordinario, o profesorado do curso ou etapa que lle corresponda por idade fará a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa. Esta medida só se aplicará na etapa de educación primaria, respectando que a alumna ou o alumno poida rematar a etapa dentro dos límites de idade establecidos.

27

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

4.1.2.4. Grupos de adquisición de linguas para alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento de ambas linguas. (Art. 68)

En calquera dos niveis de primaria e, excepcionalmente, de 6º de educación infantil, en que se atope escolarizado a alumna ou o alumno procedente do estranxeiro, se presenta descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, poderá participar nun *grupo de adquisición de linguas* coa finalidade de impulsar unha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes,



a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que se escolarice. A súa duración será por un tempo máximo dun trimestre. De avaliarse como insuficiente, poderase solicitar ao servizo territorial de Inspección Educativa que autorice unha ampliación excepcional dese período.

En todo caso, antes de rematar o prazo para o cal fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

Os grupos poderanse formar con alumnado pertencente á mesma etapa educativa, sen necesidade de que sexan do mesmo nivel ou ciclo. O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de cinco períodos lectivos semanais en 6º de educación infantil; de dez, no primeiro ciclo da educación primaria; e de vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe

O profesorado encargado dos grupos de adquisición de linguas en educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargarse calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición de linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de



referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel. Non obstante, as sesións de avaliación ordinaria realizaranse segundo o procedemento xeral e poderá asistir a esas sesións, con voz e sen voto, o profesorado que realizou a intervención específica nese grupo.

O profesorado titor informará ás familias do alumnado que asista a un grupo de adquisición de linguas sobre o seu progreso nas aprendizaxes específicas de tipo lingüístico, así como no relativo á súa inclusión no centro docente.

Procedemento para solicitar a constitución dun grupo de adquisición de linguas:

A dirección do centro docente solicitará autorización ao servizo de Inspección Educativa, achegando a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo do profesorado titor.
- b) Relación do alumnado que conforma o grupo, indicando etapa e curso.
- c) Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- d) Acreditación da información ás familias.
- e) Especificación do período de tempo total para o cal se solicita o grupo, e concreción do horario semanal.
- f) Programación ou plan de traballo a desenvolver no grupo de adquisición de linguas.

29

4.1.2.5. Grupos de adaptación da competencia curricular para alumnado procedente do estranxeiro con desfasamento curricular. (Art. 69)

Cando un alumno ou alumna do segundo e terceiro ciclos de educación primaria se incorpore ao centro procedente do estranxeiro, e non contando con adaptación curricular, presente un desfasamento curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade, o centro poderá solicitar a conformación



dun *grupo de adaptación da competencia curricular* nas áreas instrumentais de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas. A súa finalidade é contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe correspondentes ao grupo de escolarización.

Decidirase a conformación dun *grupo de adaptación da competencia curricular* cando, a partir da avaliación inicial, complementada se procede coa avaliación psicopedagóxica, se verifique o desfase curricular indicado anteriormente e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular.

O alumnado que forme parte dun *grupo de adaptación da competencia curricular* deberá pertencer á mesma etapa (primaria), pero non necesariamente ao mesmo nivel ou ciclo.

A súa permanencia no grupo poderase estender ao longo de todo o curso escolar, e levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal. Non poderá exceder os oito períodos lectivos semanais no segundo e no terceiro ciclos de educación primaria, coincidindo coas áreas instrumentais mais sen abranguer a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou materias con que coincide.

No momento en que o equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida, o alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario.

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular en educación primaria será calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria. Este profesorado manterá unha estreita coordinación co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, e contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Igualmente, asistirá ás sesións de avaliación do alumnado do grupo que atende, con voz e sen voto. A avaliación deste alumnado corresponde ao equipo docente do grupo ordinario.

Corresponde ao profesorado titor informar á familia do alumnado que asiste a un grupo de adaptación da competencia curricular sobre esta medida, sobre o seu



progreso na superación do desfasamento curricular e sobre a súa inclusión no centro docente.

Procedemento: A conformación ou constitución dun grupo de adaptación da competencia curricular, así como o procedemento para a súa solicitude e a súa autorización, realizarase de acordo co disposto para os grupos de adquisición de linguas.

4.1.2.6. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (Art. 57)

Trátase da intervención profesional do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica que ten como obxectivo a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este apoio especializado debe ser aconsellado polos servizos de orientación no informe psicopedagóxico. Terá carácter temporal e pódese realizar na aula ordinaria ou na aula específica, se así o establece o correspondente informe psicopedagóxico.

31

4.1.2.7. Flexibilización do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria (Art. 58)

Enténdese por **flexibilización** da duración do período de escolarización a **redución** da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou a **ampliación** da permanencia por tratarse de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

4.1.2.7.1. Flexibilizacións por redución da duración do período de escolarización para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais:

a) *Na etapa de educación infantil:* Redución dun ano escolar, podendo comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.



b) *Na etapa de educación primaria:* Redución dun ano escolar, independentemente de que se reduciase ou non a súa permanencia en educación infantil. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.

Procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria:

a) Solicitud da dirección do centro docente á xefatura territorial, achegando a seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagógico, que acredite a alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal.

5º. Proposta de adaptación do currículo.

b) Corresponde á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, autorizar, de ser o caso, a flexibilización.

Prazos para tramitar e resolver as solicitudes de *flexibilización por redución* do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria:

a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da



duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolva e comunique ás direccións dos centros docentes, que deberán trasladárllelas ás persoas interesadas.

4.1.2.7.2. Flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais:

a) *Na etapa de educación infantil:* Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos *sete anos de idade*, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase a 4º de Infantil.

b) *Na etapa de educación primaria:* Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos *quinze anos de idade*, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo (6º de EP), logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

Procedemento para se acoller á flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil:

a) Para o alumnado non escolarizado no primeiro ciclo de educación infantil:

1º A familia presenta no centro a solicitude de admisión en 4º de Educación Infantil, manifestando expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo e presentando, xunto coa solicitude, unha declaración de que van solicitar, ao mesmo tempo, cursar o terceiro curso do primeiro ciclo de educación infantil nunha escola que imparta esas ensinanzas, polo que optan á



flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización na etapa de educación infantil.

2º. Informe psicopedagógico da xefatura do departamento de orientación do centro no que solicitan praza para 4º de E.I.

3º. A familia solicita admisión á dirección da escola infantil para cursar o 3º curso do primeiro ciclo de educación infantil, informando na mesma solicitude de que solicitaron a admisión nun centro docente para cursar 4º ocupando unha praza por NEAE.

4º. Informe da dirección da escola infantil sobre o solicitado pola familia.

5º. As direccións de ambos centros remiten á xefatura territorial que corresponda, toda a documentación anterior para o seu traslado ao EOE, que emitirá o correspondente informe, no cal indicará se procede ou non a flexibilización

6º. Comunicación, por parte da xefatura territorial á dirección do centro, da resolución correspondente.

34

Procedemento para acollerse ás flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado en 6º de educación infantil e na etapa de educación primaria

a) A dirección do centro envía a solicitude á xefatura territorial, xunto coa seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor, xustificando a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagógico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.



5º. Proposta de adaptación do currículo.

b) Compete autorizar a flexibilización á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación:

a) O mes de abril, para que as direccións dos centros docentes lles remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de xuño, a dirección do centro recibe a comunicación da resolución adoptada e trasládaa ás persoas interesadas.

O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través dunha aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Con carácter xeral, as medidas de flexibilización, sexan de redución ou de ampliación, consignaranse no expediente académico do alumnado, con indicación da resolución mediante a cal se autorizaron.

35

4.1.2.8. Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente (Art.62)

4.1.2.8.1. Atención educativa domiciliaria.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

O **procedemento para acceder á atención educativa domiciliaria** é o que segue:

1º. Solicitude da nai, o pai ou persoa titora legal do alumnado á dirección, adxuntando informe dos servizos sanitarios en que conste a conveniencia desta atención, a previsión aproximada do tempo de convalecencia no domicilio e o tempo da revisión desa previsión.



2º. Informe da dirección respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa.

3º. Nun prazo máximo de 5 días dende a recepción da solicitude, a dirección do centro dará traslado á xefatura territorial dos documentos anteriores.

4º. A xefatura territorial, logo do informe da Inspección Educativa, adoptará e comunicará á dirección do centro a resolución que proceda, nun prazo máximo de cinco días, para que esta informe da resolución á familia.

Cando a situación de convalecencia da alumna ou do alumno se prolongue máis alá do curso académico, a continuidade da atención educativa domiciliaria requirirá unha nova solicitude e autorización.

Poderase proporcionar esta atención educativa a través dunha profesora ou dun profesor do centro docente a que pertenza a alumna ou o alumno, preferentemente a súa titora ou o seu titor, sendo a súa participación de carácter voluntario.

O profesorado de atención educativa domiciliaria, elaborará un programa individualizado de atención educativa, específico para a alumna ou o alumno, en coordinación co profesorado titor e co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación. O equipo docente realizará un seguemento trimestral do programa coincidindo con cada sesión de avaliación.

A persoa titora coordinarase regularmente co profesorado de atención educativa domiciliaria, a quen trasladará, obtidas do equipo docente, as tarefas planificadas para a aula ordinaria e a súa temporización.

O profesorado de atención educativa domiciliaria emitirá, con frecuencia mensual, ou antes de cada avaliación, un informe relativo ao desenvolvemento desa atención.

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde estea matriculado.



As ausencias ao centro docente do alumnado autorizado a recibir atención domiciliaria, durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

A familia garantirá a presenza no domicilio dunha persoa adulta responsable durante o tempo de intervención, presencial ou virtual, do profesorado e facilitarán as condicións axeitadas para esa intervención.

Ao finalizar cada curso, o profesorado de atención educativa domiciliaria elaborará e entregará á persoa titora do alumno unha memoria na que se recolla a valoración da atención educativa e as correspondentes propostas de mellora.

Revisións trimestrais: O equipo docente revisará trimestralmente esta medida, coincidindo coas sesións de avaliación, e valorarase a adopción doutras que poidan considerarse adecuadas no momento da reincorporación parcial ou total á presencialidade da alumna ou do alumno no centro.

Así mesmo, para o alumnado que, por motivos de saúde xustificados con informe médico, non poida asistir ao centro docente, ou só poida asistir unha parte da xornada escolar por un período de tempo continuado superior a cinco días lectivos e non reciba atención educativa domiciliaria, o equipo docente coordinado polo profesorado titor, elaborará e entregará á familia unha proposta de actividades educativas, preferiblemente por medios telemáticos.

Unha vez realizados pola alumna ou alumno, a familia deberá devolvelos ao mesmo equipo. Este alumnado contará co correspondente informe médico e considerarase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas.

4.1.2.8.2. Atención educativa hospitalaria

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- a) Longa hospitalización: máis de trinta días.



b) Media hospitalización: entre quince e trinta días

c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas e lúdicas de carácter xeral.

O profesorado da atención educativa hospitalaria será quen informe ás familias do alumnado hospitalizado da existencia e das características dese servizo. Igualmente, informará á Inspección Educativa de todos os aspectos relacionados coa coordinación co centro docente, da relación coas familias, etc.

As familias do alumnado de media e longa hospitalización deberán presentar a solicitude para recibir a atención educativa hospitalaria, ao profesorado desa unidade no centro hospitalario, achegando certificado médico en que figure a previsión do tempo de hospitalización.

O profesorado da unidade hospitalaria remitirá unha copia dos documentos citados ao centro de procedencia da alumna ou do alumno.

A dirección do centro docente, por proposta do profesorado titor, remitiralle ao profesorado da unidade ou da aula hospitalaria, cunha frecuencia quincenal, a proposta de actividades elaborada polo equipo docente da alumna ou do alumno para a aula ordinaria.

A partir desa proposta, o profesorado da aula educativa hospitalaria elaborará o seu plan de traballo.

A avaliación dese alumnado e as decisións de promoción, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro onde a alumna ou o alumno estean matriculados, tendo en consideración a información facilitada polo profesorado da unidade hospitalaria, quen remitirá ao centro docente un informe trimestral coa valoración do desenvolvemento educativo do alumnado nese servizo.



As ausencias ao centro docente do alumnado autorizado a recibir atención educativa hospitalaria, entenderanse todas xustificadas.

Cando o alumnado beneficiario da atención educativa hospitalaria deba continuar a súa convalecencia no propio domicilio, poderá beneficiarse da atención educativa domiciliaria se cumpre os requisitos establecidos para esa atención.

4.1.2.9. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela (Art. 64)

O centro escolar garantirá ao alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento, as medidas de protección necesarias para a súa escolarización e desenvolvemento integral. Ese alumnado será considerado como *alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar*. O centro docente adoptará as medidas de atención á diversidade que procedan, tendo en conta no deseño de actividades as que promovan a participación e o autocoñecemento, así como a mellora da autoestima, aspectos necesarios para a súa inclusión.

39

4.1.3. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar (Art. 65)

1) Considérase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel que o acredite nos termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

- a) A súa consideración como *alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar*.
- b) A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.
- c) Garantírase a continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.



2) Considérase acoso escolar calquera xeito de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou dun alumno por outro ou outra ou outros, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. (*Artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*)

Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

a) A súa consideración, para todos os efectos, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

b) As situacións probadas de acoso escolar terán a consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou faltas moi graves, polo que serán tratadas segundo o establecido na normativa correspondente. Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

c) Incorporación ao plan de convivencia de actuacións destinadas á prevención, á detección e ao tratamento educativo das situacións de acoso escolar, tales como campañas de sensibilización e procesos de mediación.



4.1.3. Medidas e actuacións para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

a) Comunicación ao centro

Cando unha alumna ou un alumno, ou as persoas representantes legais, comuniquen por escrito ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e figura na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten (Lei 2/2014, do 14 de abril), así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo. O equipo directivo trasladará esta información á xefatura do Departamento de Orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Cando sexa o Departamento de Orientación quen recibe esta información da alumna, do alumno ou dalgún dos seus proxenitores sen oposición expresa do outro, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:

- A comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso.
- Aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.

Co consentimento da familia, realizarase unha avaliación psicopedagóxica para detectar as posibles necesidades educativas, recollendo no informe psicopedagóxico as orientacións de atención á diversidade axeitadas.

Cando unha alumna ou un alumno menor de idade comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia, o centro educativo facilitaralle o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais), así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.

En caso de detectarse con claridade indicadores de maltrato cara á identidade de xénero da ou do menor, por parte da familia ou de calquera membro da



comunidade escolar, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos protocolos de convivencia do centro (plan de convivencia e NOF) e, se é o caso, nos protocolos de atención ao maltrato infantil.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumna ou alumno, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento da dirección do centro segundo os procedementos establecidos no plan de convivencia.

b) Medidas de atención ás necesidades da ou do menor

Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagóxico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación coa alumna ou alumno e coa súa familia ou representantes legais, coa xefatura do Departamento de Orientación e coa persoa titora da alumna ou do alumno. O obxectivo desta reunión será establecer as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese da ou do menor.

42

c) Traslado das medidas

- A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
- En reunión de clausuro comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten o total de docentes do centro.
- A secretaría do centro, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.

d) Actuacións educativas e organizativas en relación co xénero que a menor ou o menor sente como propio

Non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.

A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o Departamento de Orientación e a alumna ou alumno.



Mentres non se proceda á modificación dos datos rexistrados, utilizarase o nome acordado nas comunicacións formais e informais e naquela documentación non regulamentada legalmente.

Facilitaráselle á alumna ou alumno o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificada ou identificado no caso de que existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas necesarias.

Actuarase sempre de acordo co dereito á privacidade e honra de todos os membros da comunidade educativa, garantirase o seu dereito a elixir a propia imaxe, a ou o menor será sempre informado e consultado respecto das medidas e actuacións, tendo en especial consideración a súa opinión e facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

5.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

43

5.1. Organización dos Recursos materiais

No que respecta aos recursos materiais, a Administración Educativa deberá dotar aos centros, ou regular medios para a adquisición do necesario equipamento e materiais educativos específicos para prestar unha correcta atención a todas as necesidades educativas que se deriven da diversidade do alumnado.

No Artigo 78.1 da Orde do 8 de setembro de 2021 recóllese que “os centros docentes contarán co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan. Entre ese equipamento considérase a accesibilidade ás súas instalacións e/ou dependencias.” E no 78.2, que a Consellería “dotará dos servizos materiais complementarios adaptados o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que os precise.”

5.1.1. Procedemento para solicitar á Xefatura Territorial material específico para alumnado con NEAE:



-O profesorado titor coa conformidade da familia do alumno ou alumna, formula a demanda de avaliación á xefatura do Departamento de Orientación polo procedemento descrito neste PXAD

-A xefatura do Departamento de Orientación, unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica e o correspondente informe que determina a necesidade específica de apoio educativo e a necesidade de material específico adaptado á alumna ou alumno, traslada á dirección do centro a petición de intervención do Equipo de Orientación Específico acompañada do informe psicopedagóxico.

-Logo do visto e praxe, a dirección solicita o recurso específico á Inspección Educativa acompañando a solicitude do formulario de petición ao Equipo de Orientación Específico e do informe xustificativo do Departamento de Orientación do centro. De ser favorable, pode requerirse ao centro o envío de tres presupostos para a adquisición do material específico.

-Unha vez resolta a petición por parte da xefatura territorial, o centro recibe a resolución e, de ser o caso, instrucións e recursos para adquirir dito material.

O centro supervisará o uso que o alumnado fai dos servizos materiais complementarios adaptados que foron adquiridos. Cando o alumno ou alumna se traslade a outro centro público da Comunidade Autónoma de Galicia para continuar os estudos de carácter obrigatorio, o recurso específico será entregado pola dirección do centro de procedencia á dirección do centro no que se matricule a alumna ou o alumno, deixando constancia escrita de dita entrega, que será arquivada. Os recursos que o alumnado xa non empregue, segundo se dispón no artigo 84 da Orde do 8 de setembro de 2021, trasladaranse aos centros de educación especial da área de influencia do centro ordinario e pasarán a formar parte do seu banco de recursos.

5.1.2. Procedemento para solicitar material específico para alumnado con NEE, aos centros de educación especial que funcionen como centros de recursos:

a) A dirección do centro ordinario formula a solicitude do material necesario ao servizo territorial de Inspección Educativa, xunto cun informe xustificativo realizado pola xefatura do Departamento de Orientación.



b) Valoración do solicitado por parte do Equipo de Orientación Específico, por petición da persoa inspectora coordinadora do equipo.

c) Resolución do servizo territorial de Inspección Educativa sobre o solicitado e traslado desa resolución ao centro solicitante e ao centro de educación especial.

d) A alumna ou o alumno manterán o recurso mentres permanezan no sistema educativo e unha vez xa non o precisen ou ben abandonen o sistema educativo, dito material específico devolverase ao correspondente centro de educación especial.

5.2. Organización dos Recursos profesionais. Persoal non docente.

En canto a recursos humanos tamén corresponde á Consellería establecer os criterios prioritarios para a optimización destes recursos.

O Artigo 79 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece que *“os centros docentes contarán coas persoas profesionais especializadas que necesiten para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan.”*

Ao noso centro correspóndelle por catálogo un total de 28 docentes coas seguintes especialidades: educación infantil (8), educación primaria (11) inglés (2), francés (1) educación musical (1), educación física (2), pedagogía terapéutica (1), audición e linguaxe (1), orientador/a (1). Dispónse ademais de persoal coidador entre o persoal non docente con asignación de alumnado con necesidades educativas especiais.

Con independencia de que cada curso escolar a dotación de recursos humanos pode variar en función do aumento de necesidades educativas e das súas características específicas, da habilitación de unidades en aplicación dos protocolos covid ou do aumento do alumnado. Tendo en conta estes aspectos cada curso escolar faise preciso solicitar maior dotación de profesorado, especialista de PT e AL e persoal coidador, non sendo suficiente o existente para cubrir todas as necesidades educativas de apoio específico ao alumnado do centro. Ante estas limitacións cómpre priorizar actuacións, deixando de atender outras.

A proposta de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe realizarase segundo se dispón máis adiante, no apartado 5.3.2. deste documento.



Entre os recursos profesionais non docentes para atender a diversidade considérase o persoal auxiliar coidador e o persoal intérprete de lingua de signos.

5.2.1. O persoal auxiliar coidador.

O persoal auxiliar coidador enténdese como un recurso profesional de apoio ao centro docente para atender o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria, que presente algunha das seguintes características:

- a) Necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
- b) Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- c) Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- d) Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar para os cales careza da autonomía necesaria.
- e) Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

46

5.2.1.1. Funcións do persoal auxiliar coidador:

- a) Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.
- b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- c) Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- g) Nos casos excepcionais en que resulte necesario, como nas saídas escolares, acompañar no autobús escolar o alumnado que requira da presenza



do persoal auxiliar coidador.

h) Colaborar nas actividades complementarias e/ou extraescolares en que participe a alumna ou o alumno, dentro do horario.

i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo Departamento de Orientación.

j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

5.2.1.2. Criterios para a asignación de alumnado ao persoal coidador

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

A atención por parte do persoal coidador realizarase cando así o estableza o informe psicopedagóxico realizado polo Equipo de Orientación Específico ou pola xefatura do Departamento de Orientación, do alumnado con NEE escolarizado no centro.

47

5.2.1.3. Criterios de intervención do persoal coidador.

O persoal coidador atenderá ao alumnado con necesidades educativas especiais que teña asignado, no tempo que o alumnado permaneza no centro escolar.

O persoal coidador desenvolverá as funcións recollidas no Artigo 80 da Orde de 8 de setembro de 2021, conforme ao disposto pola xefatura do Departamento de Orientación para o horario lectivo.

Cando o alumnado asignado sexa usuario do comedor escolar, será acompañado polo persoal coidador ata a súa recollida no centro por parte da familia.

O equipo directivo, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación, será o responsable de organizar o horario deste persoal (Artigo 82.4 de dita Orde).



En caso de ausencia do persoal coidador, as súas funcións serán cubertas cos criterios establecidos no centro con carácter xeral para as ausencias deste persoal non docente, con proposta, de ser o caso, da xefatura do Departamento de Orientación, tendo en consideración as diferentes funcións que corresponden a persoal docente e non docente.

A intervención profesional do persoal auxiliar coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo.

Recibirase ao alumnado asignado na entrada ao centro escolar, acompañándoo nos desprazamentos en entradas, saídas, cambios de aula, etc. cando polas súas características se requira supervisión ou axuda, permitindo e facilitando o progreso na autonomía da alumna ou do alumno e a súa integración nas rutinas da aula.

O persoal coidador procurará axudar ao alumnado asignado no seu proceso de socialización, especialmente nos tempos de lecer.

Atenderase ao alumnado que non teña adquirido o control de esfínteres no cambio de pañal, que será facilitado pola familia, e realizándoo coa frecuencia que sexa necesaria. Así mesmo, en función da capacidade do alumno e sen que supoña delegar na escola funcións da familia, o persoal coidador poderá colaborar con esta no establecemento de hábitos para o control de esfínteres, durante o horario de permanencia no centro.

O centro escolar deberá facilitar as condicións hixiénicas e instalacións adecuadas para os cambios de pañal do alumnado que o necesite.

A comunicación coas familias realizarase a través do profesorado titor e da xefatura do Departamento de Orientación.

O acompañamento do alumnado asignado dentro da aula realizarase seguindo as directrices do profesorado titor e da xefatura do Departamento de Orientación, sen que se poida delegar a función e responsabilidade titorial no persoal coidador.

Cando ocasionalmente xurdan necesidades de desprazamento de alumnado do centro sen asignación a persoal coidador con problemas de mobilidade, emprego de muletas ou cadeira de rodas, que non poidan ser atendidas por outro persoal do centro, poderase asignar temporalmente ao persoal coidador



a axuda nos desprazamentos, considerándose prioritaria a atención do alumnado con NEE asignado.

5.2.2. Intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira

As persoas intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira constitúen un recurso extraordinario de apoio aos centros docentes que escolarizan alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, en grao severo ou profundo, e escolarizado no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria.

5.2.2.1. Funcións do persoal Intérprete de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira :

- a) Normalizar a situación da comunicación para facilitar o acceso ao currículo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, favorecendo a súa comunicación cos membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar cos equipos docentes e con outras persoas profesionais que interveñan no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, favorecendo a súa inclusión e a eliminación de barreiras á comunicación, tanto mediante a utilización da lingua de signos como colaborando no uso doutros sistemas aumentativos e/ou alternativos de comunicación.
- c) Establecer, cos equipos docentes e co departamento de orientación, canles de coordinación que posibiliten a adaptación das programacións didácticas e de aula ás necesidades educativas específicas do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
- d) Colaborar na formación especializada dos equipos docentes e do resto de persoas profesionais que interveñen no proceso educativo do alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.
- e) Desenvolver canles de colaboración coas familias, así como con entidades, asociacións ou organizacións relacionadas co alumnado con discapacidade auditiva e/ou xordocegueira.

As persoas intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con



xordocegueira elaborarán un plan de intervención, así como unha memoria anual, que se incluírá na memoria anual do antedito plan.

5.2.3. Procedemento para a solicitude inicial e/ou continuidade do persoal auxiliar coidador e do persoal intérprete da lingua de signos

- Cando non exista dotación do persoal auxiliar coidador e/ou do persoal intérprete da lingua de signos, ou esta sexa insuficiente para atender a necesidade do alumnado do centro, a dirección do centro escolar realizará a solicitude inicial de dotación, na primeira quincena do mes de maio, acreditando a necesidade mediante ditame de escolarización realizado polos servizos de orientación.
- A continuidade deste persoal revisarase todos os cursos durante o mes de maio, enviando se procede unha solicitude de continuidade, xunto cun informe realizado polo Departamento de Orientación en que se xustifique a necesidade.
- Para a resolución da dotación, a Xefatura Territorial poderá requirir ao Equipo de Orientación Específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do Departamento de Orientación, e terá en consideración o informe do servizo territorial de Inspección Educativa.

50

O equipo directivo do centro docente, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación, será o responsable de organizar o horario deste persoal.

O persoal auxiliar coidador e o persoal intérprete da lingua de signos son un recurso á disposición do centro docente, non un recurso unipersonal. En consecuencia, este persoal poderá prestar atención a varios alumnos e alumnas, en función do seu horario laboral e das necesidades que presente cadaquén.

En todo caso, a atención que se preste ao alumnado que atenda estará en función do que figure nos ditames de escolarización emitidos polos servizos de orientación.

5.3. Organización dos Recursos profesionais. Persoal docente.



5.3.1. Profesorado con dispoñibilidade horaria.

No comezo de cada curso escolar e logo de realizada a avaliación inicial do alumnado por parte do profesorado tutor, determinarase mediante consenso entre este coa xefatura de estudos e a xefatura do Departamento de Orientación, o alumnado que pode ser susceptible de recibir medidas de reforzo educativo como medida ordinaria de atención á diversidade, tendo en conta os criterios establecidos neste PXAD.

O alumnado susceptible de recibir reforzo educativo será aquel que precisa axuda para superar dificultades de acceso ao currículo e que se prevé que, con modificacións organizativas ou metodolóxicas non significativas (secuencia de contidos, forma e/ou instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos, etc.), pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

Para a atención deste alumnado, en colaboración e complementando a actuación do profesorado tutor e/ou do profesorado que imparte a área, a xefatura de estudos poderá asignar apoios a profesorado do centro con dispoñibilidade horaria (“apoios de nivel”).

O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario, podendo actuar como un apoio xeral ao conxunto da aula.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado que realiza estas funcións, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro. No Anexo II, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

Deste reforzo educativo o profesorado tutor será o encargado de informar ás familias.

O profesorado con dispoñibilidade horaria, cando as necesidades do centro así o requiran na aplicación de medidas extraordinarias de atención á diversidade, poderán completar o seu horario coa atención a grupos de adquisición de



linguas ou a grupos de adaptación da competencia curricular para alumnado procedente do estranxeiro con desfase curricular. A formación e docencia destes grupos vén regulada nos artigos 68 e 69 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Este profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza o alumnado que atende, e a xefatura de estudos organizará a docencia destes grupos, co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

5.3.2. Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

A intervención especializada do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica considérase unha medida extraordinaria de atención á diversidade, o seu destinatario é o alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, poida atender outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo se así o determina a xefatura do Departamento de Orientación. A atención do profesorado de PT e/ou AL, como medida extraordinaria, debe estar aconsellada no informe psicopedagóxico deste alumnado. (Art. 57 da O.de 8 de setembro de 2021)

“A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe” (Artigo 38.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro)

5.4. A familia como recurso.

5.4.1. Responsabilidade da familia no proceso de aprendizaxe das fillas e fillos.

A LOMLOE en su Disposición derradeira primeira, modifica a Lei orgánica



8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que na nova redacción do artigo cuarto recolle os dereitos e deberes das familias en relación coa educación das súas fillas e fillos . Entre os dereitos destacamos os seguintes:

- ✓ Estaren informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa das súas fillas e os seus fillos.
- ✓ Participar no seu proceso de ensino e aprendizaxe.
- ✓ Participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo.
- ✓ Seren oídos naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional das súas fillas e fillos.
- ✓ Así mesmo, destacar as obrigas e responsabilidades das nais e pais na educación das súas fillas e fillos.
- ✓ Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que as súas fillas e fillos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- ✓ Proporcionar, na medida das súas disponibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.
- ✓ Informar das dificultades que poidan ter as súas fillas ou fillos nos seus procesos de aprendizaxe ou socialización.
- ✓ Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.
- ✓ Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado.
- ✓ Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- ✓ Participar de forma cooperativa naqueles proxectos e tarefas que se lles propoñan desde o centro educativo.»

53

5.4.2. Responsabilidade do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.

Na mesma Disposición derradeira Primeira da LOMLOE modifícase o Artigo sexto referente aos dereitos e deberes do alumnado. “*Todos os alumnos e*



alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.”

Nesta disposición recoñécenselle ao alumnado os seus dereitos básicos, entre os que destacamos :

- ✓ A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- ✓ A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
- ✓ A recibir orientación educativa e profesional.
- ✓ A unha educación inclusiva e de calidade.
- ✓ Á protección contra toda intimidación, discriminación e situación de violencia ou acoso escolar.
- ✓ A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

E entre os seus deberes están:

- ✓ Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades.
- ✓ Seguir as directrices do profesorado.
- ✓ Asistir á clase con puntualidade.
- ✓ Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar, respectando o dereito das súas compañeiras e compañeiros á educación e á autoridade e orientacións do profesorado.
- ✓ Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo,
- ✓ Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.»

54

5.5. Criterios para a aplicación das medidas de atención á diversidade

5.5.1. Medidas ordinarias



O profesorado titor e/ou de área adaptará a súa planificación docente á diversidade do alumnado asignado. Da mesma forma, adaptará os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, con especial consideración ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Cando sexa necesario adoptaranse medidas ordinarias como as descritas no apartado 4.1.1. deste Plan. Empregaranse **estratexias organizativas, metodolóxicas, curriculares** e sociais para ofrecer respostas adecuadas á diversidade das necesidades de aprendizaxe do alumnado, **dende un enfoque inclusivo**.

O profesorado titor ou de área proporcionará **reforzo educativo** a aquel alumnado que se describe no apartado 4.1.1.5. deste Plan, modificando cando sexa necesario elementos do proceso de E/A tales como: secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, metodoloxía, agrupamentos de alumnado e/ou organización da aula, de forma que se facilite o acceso ao curriculum deste alumnado.

A xefatura de estudos poderá, en coordinación co profesorado titor e a xefatura do departamento de orientación, establecer un **Plan de apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria** (apoios de nivel) para colaborar cos titores de Educación Primaria no reforzo educativo do alumnado. O procedemento recóllese no apartado 5.3.1. O apoio de nivel realizarase dentro da aula, actuando como un apoio xeral ao conxunto da aula. No apartado 4.1.1.1. recóllese un cadro con diferentes propostas de organización dos apoios. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo que será arquivado no expediente da alumna ou do alumno.

De existir na aula alumnado con altas capacidades intelectuais valoradas polos servizos de orientación e recollidas no informe psicopedagóxico, poderán desenvolverse na aula **programas de enriquecemento curricular** que terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado dito alumnado. Será responsable do seu desenvolvemento o profesorado titor ou de área. Esta medida reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. (Apartado 4.1.1.6)



5.5.2. Procedemento para solicitar a intervención do Departamento de Orientación na valoración do alumnado.

⇒ **Detección:** Realizarase unha avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e a cada etapa do ensino obrigatorio. Esa avaliación, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada pola familia do alumnado e incluírá, de ser o caso, a información procedente do curso ou da etapa anterior. (Artigo 12 da Orde do 8 de setembro).

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que sexa necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O profesorado titor informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado sobre os procedementos para levar a cabo a avaliación inicial e, de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. Igualmente, achegaralles información sobre os resultados desa avaliación e, cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias.

⇒ **Situacións en que se require a avaliación psicopedagóxica do alumnado:**

- a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.
- d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.



f) Tamén se realizará a avaliación psicopedagóxica cando, por circunstancias excepcionais, o demande a Administración educativa.

⇒ **Procedencia das demandas**

- Con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor, cando se cumpra algunha das situacións descritas no punto anterior e de acordo co correspondente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do Departamento de Orientación.
- Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección do dito centro quen a demande á xefatura do departamento de orientación e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de Departamento de Orientación do centro de procedencia.
- En determinadas circunstancias, a solicitude ou demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do Departamento de Orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.
- Naqueles casos nos que se detecten posibles necesidades educativas especiais, acreditadas mediante a aportación de informes médicos ou dos servizos e equipos de valoración, o Departamento de Orientación levará a cabo as accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico, que culminará coa elaboración dun informe psicopedagóxico.
- A xefatura do DO poderá solicitar colaboración do Equipo de Orientación Específico na avaliación psicopedagóxica e asesoramento na determinación das medidas e recursos máis adecuados para atender ás necesidades educativas especiais do alumnado.
- Nos casos en que proceda, a dita avaliación será realizada directamente polo EOE.
- Para solicitar a intervención do EOE atenderase aos criterios do DO e ao establecido nas Circulares que o EOE envía aos departamentos.



⇒ Protocolo de solicitude

⇒ As demandas ao Departamento de Orientación por parte do **profesorado titor**, faranse cando se teña constancia ou indicios no alumnado dalgún diagnóstico de discapacidade, altas capacidades, trastorno específico ou dificultade persistente que estea a repercutir negativamente no proceso de aprendizaxe, e unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade levadas a cabo na aula.

⇒ **Información e conformidade da familia.** O profesorado titor citará á familia da alumna ou do alumno, informará e solicitará a súa conformidade escrita para a valoración das necesidades educativas da filla ou do fillo.

⇒ **Completar a folla de solicitude** unha vez informada a familia, recollendo nela información significativa da alumna ou alumno, motivo da petición e medidas adoptadas ata o momento.

⇒ Entrega da folla de derivación **á xefatura de estudos** que comprobará que cumpre os criterios de solicitude e reúne a información necesaria para trasladala á xefatura do Departamento de Orientación. Esta proposta poderá facerse en calquera momento do curso académico.

⇒ Procedemento de avaliación

⇒ No Departamento de Orientación determinarase a prioridade das demandas e a adecuación das medidas en función das características e particularidades de cada caso.

⇒ O/a orientador/a, e se é o caso, **cita á familia para unha entrevista inicial** para recabar información necesaria.

⇒ O/a orientador/a solicitará a colaboración do profesorado titor e equipo docente para **valorar as necesidades do/a alumno/a**, complementando de ser necesario con instrumentos ou probas específicas. A avaliación psicopedagóxica culminará na redacción dun **informe psicopedagóxico** que recolla as necesidades educativas da alumna ou alumno, a proposta de medidas ordinarias ou extraordinarias e a previsión de recursos que poidan ser necesarios.



⇒ Os resultados da avaliación psicopedagóxica e proposta de medidas comunicaranse ao profesorado titor e ás nais, pais ou representantes legais. A proposta de medidas ordinarias e, de ser o caso, extraordinarias, ou a necesidade de atención do persoal coidador, comunicaranse á xefatura de estudos e ás ou aos profesionais correspondentes, unha vez se organice dita atención.

⇒ Unha vez realizada a comunicación, **a orientadora ou orientador e o profesorado de apoio** xunto co resto do profesorado implicado **establecerán as estratexias** máis eficaces que se deberán aplicar.

⇒ **Avaliación e seguimento** do programa.

5.5.3. Medidas extraordinarias

Unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade, ou por resultaren estas insuficientes, pode ser necesario aplicar medidas extraordinarias. Están dirixidas a alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario, cambios esenciais de tipo organizativo, nos elementos de acceso ao currículo, ou cambios na modalidade de escolarización diferentes da ordinaria.

No apartado 5.5.3.1. recóllese o **Procedemento para a elaboración e autorización dunha adaptación curricular.**

No apartado 4.1.2.2. recóllese o **Procedemento para a proposta de conformación dun agrupamento flexible**

No apartado 4.2.1.4. recóllese o **Procedemento para solicitar a constitución dun grupo de adquisición de linguas** para alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento de ambas linguas

No apartado 4.2.1.5. descríbense os **Criterios para a formación dun grupo de adaptación da competencia curricular** para alumnado procedente do estranxeiro con desfasamento curricular.

O procedemento para solicitalo é o mesmo que o de adquisición de linguas.

Flexibilización do período de escolarización, que pode ser por redución, no caso de alumnado con AACC, ou por ampliación, no caso de alumnado con NEE



No apartado 4.1.2.7.1. expónse o **Procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria**

No 4.1.2.7.2. **Flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización** para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais. Recóllese os seguintes procedementos:

-Flexibilización por ampliación do primeiro ciclo de educación infantil.

-Flexibilizacións por ampliación do alumnado escolarizado en 6º de educación infantil e na etapa de educación primaria

O apartado 4.1.2.8.1. **informa do Procedemento para solicitar a Atención educativa domiciliaria.**

O apartado 4.1.2.8.2. informa do **Procedemento para acceder á Atención educativa hospitalaria**

No apartado 4.1.2.11. descríbese a secuencia de **Medidas e actuacións para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.**

60

5.5.3.1. Criterios e procedemento para a elaboración e autorización dunha Adaptación Curricular

⇒ Criterios para a elaboración dunha Adaptación Curricular

- Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

- As adaptacións do currículo realizaranse na educación primaria.

- Suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.



- Axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

- Elaborarase a partir do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

- Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

⇒ **Procedemento para a elaboración e autorización dunha AC :**

a) Avaliación psicopedagóxica: que será solicitada pola persoa titora á xefatura do Departamento de Orientación para que elabore o informe psicopedagóxico. Nel farase constar o nivel de competencia curricular da alumna ou alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Reunión: convocada e coordinada pola xefatura de estudos, á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefatura do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.



c) Proposta de adaptación, elaborada polo profesorado de cada área ou materia a adaptar no modelo do Anexo II. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso e na forma en que o establece o informe psicopedagóxico, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

d) Expediente da adaptación, conformado pola xefatura do Departamento de Orientación, axustándose ao modelo establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, e ao que se xuntará copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular. (Anexo II)

e) Envío: por parte da dirección do centro do expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa para a súa autorización, se procede. Con carácter xeral, esta solicitude farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

f) Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

g) O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias e que figuren no expediente da adaptación curricular.

h) Avaliación:

- O responsable da avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.



- As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado a alumna ou o alumno.
- Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.
- A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información.

i) Duración: A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso.

k) Modificacións: Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

n) Copia ás familias: As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude por escrito na secretaría do mesmo, unha copia da adaptación curricular autorizada.

5.5.3.2. Criterios para a organización da atención especializada do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe:

Tratarase de dar resposta ás demandas de xeito funcional tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado especialista, o número de alumnado atendido



e as súas características individuais, o tipo de apoio requerido, así como a organización horaria dos tempos de atención e a organización xeral do centro.

- ✓ Atenderase ao alumnado de calquera das etapas do centro que conte cun diagnóstico (Servizos de Saúde Mental e/ou organismos correspondentes) que determine as súas NEE, sendo estas valoradas polos servizos de Orientación (DO, EOE) e precise medidas de apoio recollidas no informe psicopedagóxico.
- ✓ Priorizaranse os apoios ao alumnado con Adaptación Curricular.
- ✓ Procurarase dar continuidade aos apoios do alumnado das mencionadas características, que se iniciasen en cursos anteriores e continúen a precisalos.
- ✓ Incorporarase o alumnado novo aos apoios tendo en conta a prioridade dos que presentan NEE de carácter grave e permanente.
- ✓ Excepcionalmente poderá atenderse ao alumnado con outras NEAE en función do disposto no informe psicopedagóxico e da dispoñibilidade do profesorado especialista. Será o Departamento de Orientación quen determine a prioridade, altas e baixas, decisións que serán comunicadas ao profesorado titor, á xefatura de estudos e ás familias.
- ✓ No caso do profesorado de Audición e Linguaxe, priorizarase a atención do alumnado con NEE como se expresa máis arriba. En función da dispoñibilidade horaria do profesorado especialista de AL, atenderanse as dislalias que poidan interferir na adquisición do proceso lectoescritor, no marco da prevención de dificultades.
- ✓ As intervencións especializadas poderán realizarse preferentemente dentro da aula ordinaria, e excepcionalmente na aula específica, cando así conste no informe psicopedagóxico. A súa organización é competencia da xefatura do Departamento de Orientación.
- ✓ Evitarase no posible a ausencia do alumnado nas áreas non instrumentais e en actividades que favorecen a inclusión.
- ✓ Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno fóra do grupo ordinario, de conformidade co recollido na normativa. Os apoios terán unha distribución semanal equilibrada e non poderán exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.



- ✓ A atención na aula específica poderá desenvolverse en pequeno grupo, se as características do alumnado e da intervención o aconsellan e así o determina a xefatura do Departamento de Orientación.
- ✓ As intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe para reeducación de dislalias, só ocuparán unha fracción do período lectivo.
- ✓ A atención do alumnado que presenta NEE organizarase con criterios de flexibilidade tendo en conta e respectando as características individuais do alumnado, tempos, desprazamentos, necesidades hixiénicas e alimentarias, etc.
- ✓ O alumnado que teña que desprazarse á aula de PT ou AL realizará os traslados entre a aula ordinaria e a aula específica conforme aos criterios xerais do centro de organización das especialidades e cambios de aula. No caso de alumnado discapacitado con dificultades de mobilidade, os traslados ás aulas de especialidades seguirán os mesmos criterios ca no resto de desprazamentos, con acompañamento do persoal coidador.
- ✓ A proposta de atención elaborada entre o profesorado de PT e AL en xuntanza coa orientadora ou orientador, será presentada ao profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración, elevando á xefatura de estudos a referida proposta de organización da docencia para este alumnado.
- ✓ Dita organización horaria estará aberta a cambios e modificacións ao longo do curso, ben porque a superación das dificultades favoreza unha maior autonomía nas aprendizaxes e tarefas do seu grupo, ben pola incorporación de alumnado de atención prioritaria.
- ✓ En caso de ausencia do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe, o alumnado permanecerá co seu grupo ordinario a cargo do profesorado titor ou especialista correspondente. Cando sexa necesario apoiar á persoa titora na aula, atenderase ao establecido pola xefatura de estudos nos criterios xerais de substitucións co profesorado de garda.

6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

As actuacións a levar a cabo competen a:



6.1. Administración educativa:

As actuacións da Administración educativa estarán dirixidas a adecuar a resposta educativa á diversidade, para o que deberá:

- Garantir unha correcta e equilibrada escolarización ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo nos centros públicos;
- Dotar aos centros dos recursos persoais e materiais necesarios para compensar a situación do alumnado que teña especiais dificultades para alcanzar os obxectivos educativos, debido ás súas condicións sociais (Artigo 81.4 da LOMLOE)
- Adecuar os centros docentes á normativa vixente en relación coa accesibilidade universal (Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, Artigo 20: “Os edificios de uso público de máis dunha planta contarán sempre con ascensor ou rampla accesible.”)
- Impulsar accións, medidas e programas dirixidos á compensación de desigualdades en educación, prevención de absentismo, mellora de convivencia...;
- Impulsar a formación do profesorado na atención á diversidade, etc.

Na modificación do **artigo 87**, a LOMLOE recolle que “as administracións garantirán unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e disporán as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza. Para isto, establecerán unha proporción equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que deba ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados e garantirán os recursos persoais e económicos necesarios aos centros para ofrecer o dito apoio. Así mesmo, establecerán as medidas que se deban adoptar cando se concentre unha elevada proporción de alumnado de tales características nun centro educativo, que irán dirixidas a garantir o dereito á educación en condicións de igualdade de todos os alumnos e alumnas.”

6.2. Centros docentes:

De conformidade coa *LEI 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade,*



promoverase que os espazos do centro escolar, de uso público, reúnan as características que lles permitan a súa utilización independente ás persoas con discapacidade, con itinerarios accesibles e comprensibles.

A tal efecto desenvolverase un plan de accesibilidade que contemple a eliminación de todas as barreiras, instalación dun ascensor para acceso das persoas con mobilidade reducida ás plantas superiores, a sinalización visual e pictográfica dos diferentes espazos, adaptación de baños, etc.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, o centro docente deberá (*Artigo 6 do Decreto 229/2011*):

1. Adoptar medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
6. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

⇒ ***Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá,***
tales como:



- Actividades de avaliación inicial do alumnado.
- Xuntanzas do profesorado titor coa xefatura do Departamento de Orientación logo da avaliación inicial para detección de dificultades no alumnado.
- Avaliación inicial das competencias lingüísticas do alumnado de 5º de Educación Infantil coa colaboración do profesorado de Audición e Linguaxe, para detección de posibles dificultades.
- Posta en práctica de plans e programas preventivos: estimulación da linguaxe oral, competencias instrumentais, comprensión lectora, hábitos de traballo, sociais, prevención do absentismo, do acoso, formación no uso responsable das tecnoloxías, identidade e igualdade de xénero, aceptación das diferenzas, educación emocional, etc.

⇒ **Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.**

- Organizar a fomación de grupos en 4º de Infantil e/ou reagrupamento de alumnado no paso de 2º a 3º de Primaria que establecen as NOF do centro, procurando unha distribución equilibrada do alumnado con NEAE, empregando criterios de igualdade, equidade, inclusión e optimización de recursos.
- Organizar a distribución e uso de espazos didácticos e aulas tendo en conta as dificultades que pode atopar o alumnado con algunha discapacidade ou limitación funcional ou sensorial.
- Organizar a dotación e uso dos recursos materiais, así como a distribución e horarios dos recursos persoais (profesorado titor, especialista e persoal coidador) para a atención ás neae do alumnado, con criterios de equilibrio e optimización, con respecto aos tempos e características individuais deste alumnado.
- Na elaboración dos horarios do alumnado escolarizado na modalidade combinada cun centro de educación especial, procurar que nos días que acude ao centro ordinario poida recibir sesións das especialidades que favorecen a inclusión (Educación Física, Educación Musical, Plástica, Lingua Extranxeira, Relixión) para permitir o coñecemento e avaliación do alumnado por parte do profesorado que imparte cada área.



- Organizar as actividades complementarias e extraescolares con criterios de inclusión, de forma que poda participar todo o alumnado, teña ou non NEE/NEAE, discapacidade, etc., e sen que podan supoñer discriminación por motivos socioeconómicos (Artigo 88). No caso de alumnado de escolarización combinada, procurar que a planificación das actividades complementarias, visitas ou saídas, permita e favoreza a súa participación.

⇒ ***Desenvolver medidas e actuacións para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.***

- De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo
- Contemplan nas instalacións do centro a posibilidade do uso de baños non diferenciados por xénero, para facilitar o dereito á privacidade de todos os membros da comunidade educativa (Protocolo de identidade de xénero)
- Fomentar a dispoñibilidade na biblioteca escolar dun catálogo de materiais sobre o respecto á diversidade, incluída a diversidade sexual.
- Garantir que se recollan nas NOF os procedementos para aplicación dos protocolos de absentismo, acoso escolar, procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia.
- Favorecer a participación e integración social do alumnado con NEE, na actividade escolar co grupo de compañeiros, empregando metodoloxías colaborativas e poñendo os apoios necesarios.
- Desenvolver programas de Tutoría entre iguais, impulsar metodoloxías inclusivas, colaborativas e participativas.

69

Complementando e incidindo nas actuacións do profesorado do centro en relación coa atención á diversidade, no ámbito das súas funcións que establece a normativa, destacamos:

6.2.1. Equipo directivo



No marco da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a nova redacción do artigo 132 delimita as competencias da directora ou director. No desenvolvemento destas en relación coa atención á diversidade, son responsabilidade da dirección as seguintes actuacións:

- ✓ Reclamar ás administracións competentes as actuacións necesarias para as melloras en accesibilidade, así como facerlles chegar as necesidades de recursos específicos para a atención ás necesidades do alumnado.
- ✓ A organización do centro para a adecuada utilización e o aproveitamento dos recursos materiais e a optimización dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e, en particular, daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- ✓ Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.
- ✓ Promover e impulsar a atención á diversidade, garantindo o adecuado desenvolvemento das medidas e actuacións establecidas na normativa e as recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e demais documentos do centro.
- ✓ Aterse ás determinacións da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como a Lei 2/2014, do 14 de abril, con respecto á integración da diversidade sexual.
- ✓ Manter sesións periódicas de coordinación coa xefatura do Departamento de Orientación.
- ✓ Desenvolver no ámbito organizativo e de xestión, accións que promovan o benestar persoal do profesorado (Artigo 99.2 da Orde de 8 de setembro de 2021) tales como:
 - a) Compartir a información, os problemas e as solucións.
 - b) Fomentar a autonomía dentro dun traballo compartido.
 - c) Coidar a autoestima de cada persoa, valorando e aproveitando as fortalezas individuais.
 - d) Ofrecer oportunidades para mellorar os aspectos febles.
 - e) Xerar sentimento de comunidade.
 - f) Atender as necesidades percibidas por cada persoa, establecendo metas alcanzables.



- g) Promover a xeración de iniciativas, practicando a escoita activa.
- h) Adoptar as decisións de xeito democrático.

6.2.2. Profesorado titor e especialista

O artigo 91 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, coas modificacións previstas na LOMLOE, recolle entre outras, as seguintes funcións do profesorado:

- a) A programación e o ensino das áreas, materias, módulos ou ámbitos curriculares que teñan encomendados.
 - b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensinanza.
 - c) A titoría do alumnado, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
 - d) A orientación educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
 - e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
 - g) A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática e da cultura de paz.
 - h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
 - i) A coordinación das actividades docentes, (...) que lles sexan encomendadas.
- O profesorado realizará ditas funcións baixo o principio de colaboración e traballo en equipo. »

En desenvolvemento das súas funcións no ámbito da atención á diversidade, corresponde ao profesorado:

- ✓ Reforzar a acción titorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, que posibilite a adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.



- ✓ Diseñar actividades de aprendizaxe variadas, empregando estratexias metodolóxicas e organizativas da aula axustadas aos diferentes niveis competenciais, de forma que todo o alumnado poida participar nelas.
- ✓ Realizar a avaliación inicial como paso previo ao axuste e desenvolvemento curricular e adopción de medidas ordinarias de atención á diversidade.
- ✓ Desenvolver as medidas e actuacións de ámbito curricular, relacional e organizativo para favorecer a convivencia que se recollen no Plan de Convivencia.
- ✓ Participar en coordinación co equipo docente, na planificación, desenvolvemento e avaliación das accións que se levan a cabo no centro en relación ao alumnado.
- ✓ Elaborar os informes que correspondan do alumnado obxecto das medidas de atención á diversidade.
- ✓ Solicitar a intervención da xefatura do Departamento de Orientación para valoración do alumnado e do contexto escolar no que se producen as dificultades, conforme aos criterios e procedementos establecidos ao efecto.
- ✓ Proporcionar á persoa orientadora os datos do alumnado en relación á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa, necesarios para a realización das avaliacións psicopedagóxicas e outra información que se lle solicítase.
- ✓ Colaborar coa proposta de organización da atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza a xefatura do Departamento de Orientación.
- ✓ Proporcionar ás familias, a través das titorías, a información relativa á acción educativa que se desenvolva coas súas fillas ou fillos, de maneira especial cando requiran de atención específica con medidas ordinarias ou extraordinarias: avaliacións psicopedagóxicas e logopédicas, reforzo educativo, adaptacións curriculares, intervencións individualizadas do profesorado de PT ou AL, e solicitar delas as autorizacións e documentación pertinente.
- ✓ Coordinar, como labor titorial, ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnado para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.



Responsabilidade do profesorado na súa formación permanente

Artigo 101.2. da Orde do 8 de setembro de 2021. Ademais da actualización científica, referida tanto ao coñecemento coma á metodoloxía e recursos tecnolóxicos, o profesorado tamén debe actualizarse día a día en aspectos como:

- a) A atención á diversidade do alumnado.
- b) A inclusión, a equidade e a igualdade.
- c) A investigación e a innovación.
- d) A titoría e a orientación do alumnado.
- e) A convivencia democrática e a resolución pacífica dos conflitos.
- f) A coordinación e o traballo en equipo.
- g) A ensinanza non presencial e a través das redes de comunicación.
- h) A avaliación da práctica docente como recurso de mellora.
- i) A participación das familias na educación do alumnado e na vida do centro docente.
- k) A colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro.

6.2.3. Profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe

73

A *Orde do 24 de xullo de 1998* pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo *Decreto 120/1998* (DOG de 31/07/1998) establece no seu Artigo 7º as *Funcións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe*, de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Conforme a esta normativa, os mestres especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe exercerán as súas funcións en todas as etapas educativas que se impartan no centro e asistirán ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.

Na máis recente lexislación, o Artigo 57.2 da *Orde do 8 de setembro de 2021* determina as **funcións** específicas do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe:

- a) Colaborar coa xefatura do Departamento de Orientación na proposta de organización da docencia de apoio.



b) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais, e, excepcionalmente, alumnado con necesidade específica de apoio educativo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do Departamento de Orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do Departamento de Orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do Departamento de Orientación e segundo o modelo facilitado polo Departamento de Orientación, que se incluírá no seu expediente. (No Anexo II figura un modelo dese informe).

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Ademáis das anteriores, son **específicas do profesorado de Audición e Linguaxe**:

- ✓ Intervir directamente con este alumnado no ámbito lingüístico, mediante atención individualizada ou en pequenos grupos.
- ✓ Colaborar co profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións necesarias relacionadas co ámbito lingüístico para o alumnado que atopa barreiras na comunicación.



- ✓ Colaborar na detección temperá de dificultades específicas relacionadas coa audición e a linguaxe e contribuir na intervención con carácter preventivo.
- ✓ Asesorar no deseño e desenvolvemento de programas de estimulación da linguaxe e prevención de dificultades no último curso de educación infantil en colaboración co profesorado titor.
- ✓ Elaborar orientacións para implicar ás nais, pais ou titores legais no proceso de mellora da linguaxe.

6.2.4. Xefatura do Departamento de Orientación

Para acadar unha verdadeira atención á diversidade, cómpre asumir un cambio de paradigma no que aquelas expresións sobre o alumnado centradas nas “dificultades” ou falta de competencias, sexan substituídas por outras que se centren nas competencias reais da persoa, sobre as cales se asentán as novas aprendizaxes. O Departamento de Orientación debe contribuir á visibilidade e á expresión en positivo do seu potencial.

As funcións da xefatura do departamento de orientación veñen reguladas no Artigo 7º do *DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, sendo as seguintes as que se relacionan directamente co ámbito da atención á diversidade:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Coordinar, en colaboración coa profesora ou profesor de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

Entre as **actuacións** derivadas destas funcións podemos enumerar:

- Establecer e organizar, en colaboración co profesorado do departamento, o plan de intervención e atención educativa ao alumnado con NEE/NEAE.



- Colaborar co profesorado titor na comunicación coas familias de alumnado atendido polo Departamento de Orientación.
- Ofrecer información e asesoramento ás familias de alumnado con NEE/NEAE.
- Colaborar e asesorar ao profesorado no desenvolvemento das medidas establecidas no Plan Xeral de Atención a Diversidade.
- Elaborar os expedientes das Adaptacións Curriculares, incorporando as propostas curriculares do profesorado.
- Atender as demandas de avaliación de alumnado realizadas polo profesorado e familias, conforme aos criterios e procedementos establecidos na normativa vixente e no PXAD.
- Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico cando sexa necesario para a valoración das necesidades educativas derivadas de discapacidade ou AACC do alumnado, petición de recursos específicos, elaboración ou validación de dictames, cambios de modalidade de escolarización, etc.
- Realizar derivacións a servizos externos médicos, asistenciais, etc.
- Realizar os informes psicopedagóxicos xustificativos en procedimentos de solicitude de flexibilizacións, recursos específicos, adopción de medidas extraordinarias, acreditación de neae para solicitude de becas, axudas de libros de texto por parte das familias, etc.
- Manter relación coas entidades e servizos externos de carácter público e/ou con convenio coa Consellería de Educación, que prestan apoio ao alumnado e/ ou familias e orientar estas últimas para beneficiarse dos servizos que prestan. Respectando o establecido na normativa vixente para a protección de datos.
- Intercambiar información cos servizos médicos ou asistenciais públicos, previa autorización das familias, respectando o establecido na lexislación en materia de protección de datos e mediante os protocolos establecidos, coa finalidade de colaborar nunha mellor atención e desenvolvemento da alumna ou do alumno.
- Participar na comisión de coordinación pedagóxica trasladando as directrices e propostas do Departamento de Orientación.



- Participar nas sesións de avaliación ordinaria do alumnado con funcións de asesoramento, con voz e sen voto.

7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO CENTRO DE ADSCRICIÓN.

A colaboración entre os profesionais do centro educativo, así como cos organismos, centros, entidades, etc. que inciden ou van incidir na educación do noso alumnado é fundamental para dar unha resposta adecuada á diversidade. Neste proceso de colaboración e coordinación ocupa un apartado especial o mantido coas familias.

Ao longo do curso escolar poderanse levar a cabo distintas reunións para potenciar a participación e colaboración de todos os axentes implicados no proceso educativo.

7.1. Mecanismos de coordinación e colaboración internos:

- Reunións de Ciclo ou Nivel.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións da totalidade de membros do Departamento de Orientación e reunións semanais da xefatura DO cos especialistas de PT e AL. (*Artigo 14º. Funcionamento: 1. Os membros do departamento de orientación con destino no propio centro celebrarán reunións semanais na hora destinada para tal fin no seu horario. A asistencia será obrigatoria.*)
- Reunións do Claustro de Profesores.
- Reunións do Consello Escolar.
- Reunións de tutoría coas nais, pais ou persoas titoras legais.
- Reunións dos equipos de dinamización que se constitúan no centro: Equipo TICS, Biblioteca Escolar, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares...
- Reunións de coordinación da xefatura do Departamento de Orientación co equipo directivo: para tratar todos aqueles aspectos puntuais e/ou organizativos referidos ao alumnado con NEE/NEAE.



- Reunións de coordinación co profesorado titor : Realizaranse xuntanzas cos equipos de ciclo, de nivel, profesorado que atende ao alumnado con necesidade educativa de apoio específico, nos momentos que sexan precisos e tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado e titores.

Nas reunións do DO e CCP recolleranse suxestións e avaliaranse os resultados das medidas adoptadas coa finalidade de realizar seguimento do plan de atención á diversidade.

O equipo directivo nas súas reunións, contemplará o desenvolvemento do plan de atención á diversidade, levando a concreción anual á PXA.

Dentro dos mecanismo de coordinación internos, consideramos fundamental facer referencia a dous deles por ser fundamentais:

▪ **Coordinación entre educación infantil e educación primaria.**

O paso da etapa de educación infantil a primaria supón un cambio importante para o alumnado a todos os niveis: cambian o profesorado, a organización dos espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos.

Por iso cómpre facilitar ao alumnado un desenvolvemento progresivo sen rupturas ou cambios bruscos.

O Artigo 17 do *Proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* fai referencia á necesaria coordinación entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, de modo que se garanta a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positivas de todo o alumnado.

Deberá haber:

- ✓ unha estreita coordinación entre o profesorado de ambas etapas, que se articulará a través da participación nos órganos de coordinación pedagóxica (equipos de ciclo, CCP)
- ✓ unha adecuada transmisión de información sobre o desenvolvemento e necesidades de cada alumna ou alumno ao finalizar a etapa da educación



infantil, dende o profesorado titor de 6º de Infantil ao profesorado de 1º de Primaria.

Por tanto, á hora de coordinar o paso dunha etapa á seguinte, o profesorado de educación infantil e o do primeiro ciclo de primaria procurarán:

- Que as actividades, os materiais, os recursos, os agrupamentos, os espazos... non sexan moi diferentes, que se garanta o desenvolvemento e a aprendizaxe de todo o alumnado, á vez que se presta una atención personalizada en función das necesidades de cada unha.
- Para fortalecer e consolidar as aprendizaxes debe existir unha continuidade nos principios metodolóxicos
- Ambas etapas deben compartir un enfoque globalizador
- Que a práctica educativa se base en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Que se fomente a capacidade de expresión e comunicación.
- Que os períodos lectivos se organicen baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas e aos ritmos individuais do alumnado.
- Favorecer a progresiva adquisición da autonomía persoal e que as nenas e os nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.
- En ambas etapas debe facilitarse a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, proceso que se inicia xa na etapa de educación infantil.
- Iniciarase na etapa de Infantil unha primeira aproximación á lectura e á escritura, sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria. O desenvolvemento da competencia lectora iniciarase no primeiro ciclo de Primaria coa motivación hacia as prácticas de lectura. En ambas etapas a biblioteca escolar constitúe un recurso fundamental. Para facilitar ao alumnado a continuidade no seu proceso de adquisición da competencia lecto-escritora cómpre coordinar o emprego de metodoloxías, recursos e materiais entre ambas etapas e fomentar a colaboración das familias.



- É tamén importante a correcta aprendizaxe do trazado e unión das letras e o coidado da grafía. Hai que procurar ademais coherencia e conexión na aprendizaxe dos contidos das diferentes áreas curriculares. En ambas etapas abordaranse contidos que constitúen a base da aprendizaxe.

▪ **Coordinación entre ciclos e niveis**

Como xa dixemos en epígrafes anteriores, a transmisión de información do profesorado titor que finaliza un ciclo ou nivel, ao novo que comeza curso co seu grupo de alumnado, é importante.

O coñecemento do alumnado por parte do novo profesorado titor comeza pola análise da documentación do expediente académico, pero a información máis relevante e valiosa é a que pode transmitir a persoa titora do curso anterior. A tal efecto poderanse organizar xuntanzas ao inicio do curso de coordinación entre os ciclos / niveis na que se trasladará a información máis relevante sobre o alumnado. Cando o alumnado con NEE cambie de persoa titora, o departamento de orientación colaborará no inicio de curso coa transmisión da información máis relevante para a organización da docencia deste alumnado.

80

7.2. Mecanismos de coordinación e colaboración externos

- Servizo de Inspección Educativa.
- Xuntanzas ou contactos telefónicos / telemáticos con outras entidades: sanitarias (estimulación temperá, foniatría, Saúde Mental...), sociais (Servizo de Menores, Servizos Sociais do Concello), educativas con convenios Xunta (ASPANAES, ...), seguindo o protocolo establecido para cada caso ou servizo concreto.
- Solicitud de asesoramento, información ou intervención do Equipo de Orientación Específico da Coruña, segundo o procedemento e modelo existente.
- Coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria: Plan de tránsito do alumnado de 6º de EP a 1º de ESO no IES Monelos.



O **Decreto 229/201**, no **art. 41.3**. establece: “O plan xeral de atención á diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados”.

Así, coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de educación primaria poderá establecerse, complementando a preceptiva remisión de documentación que forma parte do expediente da alumna ou do alumno, unha reunión no mes de xuño, con posterioridade á avaliación final de educación primaria, na que participarán as xefaturas de estudos e de orientación do colexio e do IES Monelos e o profesorado titor de 6º de educación primaria.

Nesta reunión intentarase analizar a traxectoria educativa de cada alumna ou alumno incidindo fundamentalmente en:

- ✓ Principais logros e dificultades educativas.
- ✓ Circunstancias que poden afectar ao seu rendemento escolar: absentismo, pasividade, escaso cumprimento das normas, así como os seus niveles de responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- ✓ Nivel de competencia curricular aproximado especialmente nas áreas instrumentais.
- ✓ Posibles medidas de atención á diversidade que se desenvolveron e a eficacia das mesmas

En coordinación co **IES Monelos**, centro ao que estamos adscritos, organizarase e desenvolverase anualmente o Plan de Tránsito á Secundaria, a desenvolver no último trimestre do curso, e para o alumnado de 6º de primaria. Entre as actividades que se desenvolverán inclúense a visita do alumnado de 6º Educación Primaria ao IES, unha charla informativa sobre o tránsito da Primaria a Secundaria para o alumnado desenvolvida pola persoa orientadora do IES ou no seu defecto o equipo directivo.

Por outra banda, en coordinación coa xefatura do Departamento de Orientación do IES, enviarase información recollida polo profesorado titor de 6º sobre o alumnado do centro, e a súa estadía na etapa de primaria seguindo o modelo facilitado pola orientadora do IES, que incluírá: medidas de atención á diversidade que foron necesarias, intervencións específicas, proposta de alumnado para exención da



segunda lingua estranxeira, previsión de reforzos, programas ou outras medidas, criterios para agrupamentos....

Finalizado o curso, a xefatura do Departamento de Orientación do CEIP entregará á xefatura de Orientación do IES os informes psicopedagóxicos e documentación relevante de carácter confidencial do expediente do alumnado con NEAE que remata a etapa de primaria, e que se custodia no Departamento de Orientación.

8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS DO CENTRO

O centro dentro da súa programación xeral disporá dunha serie de protocolos a este respecto. En liñas xerais dicir que o centro está sempre a disposición das persoas responsables legais do alumnado, plasmándose en reunións ao inicio e ao longo do curso de forma colectiva e/ou individual; participación activa na dinámica do centro... No tocante á colaboración cos servizos externos ao centro séguese o protocolo establecido ao respecto. Terase sempre presente de forma especial o Protocolo de Protección de Datos da Xunta de Galicia (educonvives.gal)

Toda a información referente ao alumnado é información confidencial, polo que só poderá ser trasladada á familia, organismos oficiais recoñecidos, ou cando cumpra co consentimento expreso desta. Neste senso destacar o apartado 4.1.2 do citado protocolo de protección de datos.

O profesorado titor será o interlocutor ante a familia. En función das demandas e das situacións, cada demandante poderá solicitar entrevistarse con outros membros da comunidade educativa (Equipo Directivo, Departamento de Orientación, ...).

As **canles de comunicación** – colaboración serán:

- ✓ Reunións presenciais no centro educativo entre o profesorado titor e as nais, pais ou titores legais do alumnado (titorías) ou entre outros membros do equipo docente.
- ✓ Circulares informativas de carácter xeral.
- ✓ Cartas á familia en sobre pechado.
- ✓ Informes solicitados ao centro polas familias para colaborar con outros servizos públicos na valoración das necesidades educativas do alumnado (segundo o



modelo e protocolo establecido). E sempre considerando que as bases de datos do centro son oficiais e responsabilidade do propio centro.

- ✓ Contactos telemáticos con outros servizos externos, sempre que se conte coa autorización expresa da familia da alumna ou alumno.

COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS

LOMLOE: «**Disposición adicional cuadraxésimo novena.** *Programas e estratexias de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.* «As administracións educativas e a Administración local poderán desenvolver programas e estratexias de atención educativa complementaria de apoio á escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, mediante fórmulas non contractuais, con entidades privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións.»

En canto a servizos externos ao centro, o Departamento de Orientación poderá manter contactos presenciais ou telefónicos que considere necesarios para coordinar a atención do alumnado con necesidades específicas que reciba asistencia fóra do ámbito escolar (médicos, psicoterapeutas, servizos sociais ...).

Así mesmo, poderá emitir informes solicitados polos servizos externos de saúde a través das familias ao centro escolar, para seguemento ou valoración do alumnado con NEAE, seguindo o protocolo que se describe a continuación:

Protocolo de solicitude de informes para servizos médicos

Para atender adecuadamente as peticións de informes destas características formuladas polas familias ao Departamento de Orientación, para revisión médica ou valoración do alumnado nos servizos de saúde, atenderase ao seguinte:

1. Identificación da entidade que solicita o informe. Responderase ás peticións, en función da dispoñibilidade das e dos profesionais do centro escolar, cando procedan de servizos médicos públicos, unidades de saúde mental ou



entidades que teñan asinado convenio coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

2. Que o profesional médico ou especialista solicitante concrete mediante un escrito dirixido ao centro escolar, cal é o motivo do informe e que tipo de información pode ser da súa utilidade.
3. Coñecer a data na que ten a cita médica e solicitar o informe con antelación suficiente.
4. Trasladar ao centro información de retorno unha vez teña lugar a consulta.

COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

En liñas xerais, as nais, pais ou representantes legais do alumnado recibirán información escrita e trimestral por parte do profesorado titor sobre a evolución e a asistencia ás clases das fillas e fillos.

Xuntanzas de titoría, entrevistas:

A principio de cada curso realizarase unha reunión de cada persoa titora coas nais, pais ou titores legais da súa titoría. Igualmente, todos os luns de 16:00 a 17:00, o profesorado estará a disposición de calquera nai, pai ou persoa titora que requira manter unha entrevista co profesorado, sempre con cita previa. As familias poderán comunicarse co profesorado titor das súas fillas ou fillos, recibir información directa ou solicitar cita para unha entrevista presencial, a través da aplicación Abalar no seu teléfono móbil.

A persoa titora será o interlocutor principal coa familia de cada alumna ou alumno, recadando do equipo docente, incluído o profesorado especialista de apoio no caso de alumnado con NEE/NEAE, a información necesaria para transmitir á familia na reunión de titoría. En caso necesario poderá asistir a esa reunión acompañado doutro profesional do centro. En cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos, trasladarase a información sobre o alumnado unicamente ás nais, pais ou titores legais.

As familias poden solicitar, se o estiman conveniente, ser atendidos por outros profesionais docentes, equipo directivo ou xefatura do Departamento de Orientación,



con cita previa. Para iso presentarán no rexistro do centro un escrito de solicitude dirixido á dirección, expresando o motivo e o carácter de urxencia deste, de ser o caso.

Entrega e retirada de documentación confidencial:

As nais, pais ou titores legais do alumnado con expediente no departamento de orientación, poden solicitar se o desexan, copia do informe psicopedagóxico e/ou da adaptación curricular da súa filla ou fillo, para o cal deberán formular á dirección do centro solicitude escrita e rexistrala en administración.

Se a solicitude se refire a algún tipo de informe para servizos externos, presentase igualmente no rexistro do centro e seguírase o procedemento descrito no apartado anterior.

En caso de que as familias fagan entrega de documentación confidencial das fillas ou fillos, deberán facelo igualmente no rexistro do centro, quedando constancia escrita.

Tal e como establece o **Decreto 229/2011**, as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado.

85

Trámites, axudas:

As familias de alumnado con NEE ou NEAE poden solicitar:

- Reserva de praza no proceso de admisión de alumnado (artigo 5 do Decreto13/2022, do 3 de febreiro),
- As axudas de libros de texto e/ou material didáctico específico (disposicións adicionais primeira e segunda da convocatoria anual do Fondo Solidario),
- As becas do ministerio de educación para alumnado con neae, nas condicións e nos prazos expresados en cada convocatoria anual. O alumnado que ten dereito ás axudas de apoio educativo é o alumnado con:
 - Discapacidade igual ou superior ao 33%,
 - Trastorno grave de conducta ou trastorno grave da comunicación ou da linguaxe



- Trastorno do espectro autista (TEA)
- Altas capacidades (só en Primaria)

Os dereitos das familias en cada caso deben ser acreditados documentalmente e requírese que a xefatura do Departamento de Orientación informe as NEAE do alumnado.

Informarase ás familias das diferentes convocatorias a través da web do centro. O persoal de secretaría e a xefatura de Orientación poderán asesorar no acceso e tramitación das axudas ás persoas que o necesiten.

Canles de participación de grupos ou colectivos:

- **A través das asociacións de pais e nais de alumnado (ANPAS),** estas asociacións poderán (Art. 105º do *DECRETO 374/1996, de 17 de outubro*) :

- ✓ Elevar propostas ao Consello Escolar para a elaboración do PE e ao equipo directivo para a elaboración da PXA.
- ✓ Informar ao CE dos aspectos da marcha do centro que consideren oportunos.
- ✓ Informar aos asociados da súa actividade.
- ✓ Recibir información, a través dos seus representantes no CE.
- ✓ Elaborar propostas de modificación das NOF.
- ✓ Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- ✓ Coñecer os resultados académicos referidos ao centro.
- ✓ Recibir un exemplar da PXA, e outros documentos do centro.
- ✓ Recibir información sobre os libros de texto e materiais didácticos.
- ✓ Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Facer uso das instalacións do centro.

- **A través do Consello Escolar (CE):**

A LOE (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación) establece que no seo do CE haberá un número de nais, pais, titoras ou titores e alumnado, elixidos respectivamente por e entre elas e eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello. Un dos representantes das nais, pais, titoras



ou titores legais será designado pola asociación de nais e pais máis representativa do centro.

A LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a LOE) na nova redacción dada ao Artigo 127, establece as competencias do consello escolar, que son as seguintes:

- a) Aprobar e avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da presente lei.
- b) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección da directora ou director do centro nos termos que a presente lei establece. Ser informada ou informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se for o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento da directora ou director.
- e) Decidir sobre a admisión do alumnado con suxeición ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvan.
- f) Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e a protección dos dereitos da infancia.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h) Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia de nais, pais ou titores



legais ou, se for o caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.

i) Promover, progresivamente, a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.

j) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.

k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.

l) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aquel outros aspectos relacionados coa súa calidade.

m) Aprobar o proxecto de orzamento do centro.

n) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa.»

88

- **Actividades formativas:** a través de charlas, conferencias, comisións de traballo, escolas de nais e pais,...
- **Reunións comúns:** ao comezo do curso, para informar de excursións, eventos festivos,...
- **Outros:** circulares, notas informativas, boletíns,...

Canles de participación individuais:

- **Entrevistas:** tendo en conta que os obxectivos variarán en función do momento e a razón da mesma.
- **Entrevista inicial:** búscase un intercambio de información. Neste primeiro encontro as nais, pais, titoras ou titores legais terán a oportunidade de coñecer o centro, o profesorado,.... O centro poderá rexistrar datos persoais, historia clínica, hábitos e actitudes, escolarización anterior,...



- **Entrevistas posteriores:** para solicitar a información que nos sexa necesaria e trasladar datos aos pais sobre o proceso de adaptación da nena ou do neno, aceptación na aula, nivel de aprendizaxe,...
- **Reunións:** as que sexan necesarias ao longo do curso con calquera dos implicados no proceso educativo da nena ou neno, principalmente co profesorado titor.
- **Encontros informais:** ás veces non é sinxelo concertar entrevistas ou reunións polo que deberemos aproveitar certas ocasións, por exemplo as saídas ou entradas no centro,...
- **Informes de avaliación:** a través dos que se lles fará chegar información ás familias sobre o proceso educativo das fillas e fillos.
- **Outros:** chamadas telefónicas, notas, compromisos educativos, axendas,... moi útiles sobre todo no caso de nenas e nenos pequenos ou con problemas de comunicación. Nestes casos adóitase rexistrar datos cotiáns, solicitudes de actividades ou materiais,...




9.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.


No Anexo II atoparase os protocolos establecidos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias, ademais da solicitude e/ou autorización da intervención do Departamento de Orientación. En xeral, cando se valore que unha alumna ou un alumno vai precisar das medidas extraordinarias de atención a diversidade contempladas no apartado 4 deste plan, o profesorado titor informará á familia da necesidade das mesmas, para o que poderá contar coa colaboración do Departamento de Orientación, e iniciaranse as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente. A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, segundo o determinado pola normativa, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.



Esquema de actuacións para a valoración das NEAE e aplicación de medidas:



VALORACIÓN POR PARTE DA ORIENTADORA E/OU REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA



INFORME PSICOPEDAGÓXICO PROPOSTA/ADOPCIÓN DAS MEDIDAS OPORTUNAS, INFORMACIÓN AO PROFESORADO TITOR, A XEFATURA DE ESTUDOS E INFORMACIÓN Á FAMILIA



10.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O proceso de avaliación deste plan realizarase ao longo do tempo nas propias reunións do Departamento de Orientación, da CCP, do Equipo directivo. E ao finalizar o curso, realizando o Departamento de Orientación unha memoria da concreción anual do Plan incluíndo propostas de mellora e tendo en conta os datos aportados polos distintos membros da comunidade educativa. Esta avaliación levarase a cabo tendo en conta os seguintes **criterios de avaliación**:

1. A realización das actuacións previstas.
2. A adecuación destas ás necesidades e obxectivos propostos.
3. A adecuación da resposta á diversidade do alumnado.
4. O grao de participación das persoas implicadas.
5. A adecuación e grao de aproveitamento dos recursos dispoñibles.
6. O emprego de metodoloxías inclusivas.
7. A coordinación das actuacións levadas a cabo polos diferentes axentes educativos.
8. A promoción da participación dos distintos sectores da comunidade educativa na vida do centro.



ANEXO I

Actualización normativa

[Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, \(BOE 30/12/2020\)](#)

TÍTULO I. AS ENSINANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

«**Artigo 4.** *O ensino básico.*

3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender a diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme os principios do deseño universal de aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira.

«Capítulo I. Educación Infantil.

«**Artigo 12.** *Principios xerais.*

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende nenos e nenas desde o nacemento até os seis anos de idade.

5. A programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán, en todo caso, á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e evolución infantil, así como á detección precoz e atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.»

8. (...) Ao finalizar a etapa o titor ou titora emitirá un informe sobre o desenvolvemento e necesidades de cada alumno ou alumna.»

«Capítulo II. Educación primaria.

«**Artigo 16.** *Principios xerais.*

3. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global, e adaptarase aos seus ritmos de traballo.»



«**Artigo 18.** *Organización.*

1. A etapa de educación primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador, estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.

«**Artigo 19.** *Principios pedagóxicos.*

1. Nesta etapa porase especial énfase en garantir a inclusión educativa; na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia; na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas. De igual modo, traballarase a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, porase especial atención á educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

6. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en especial para aquel que presente dificultades na súa comprensión e expresión (...)

«**Artigo 20:** *Avaliación durante a etapa.*

3. Ao finalizar cada un dos ciclos o titor ou titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte. Se nalgún caso e tras ter aplicado as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe, considérase que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida alcanzar o grao de



adquisición das competencias. Esta decisión so se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, en todo caso, carácter excepcional.

5. Os referentes da avaliación no caso de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles promocionar de ciclo ou etapa. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

«**Artigo 20 bis:** Atención ás diferenzas individuais. Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornos socialmente desfavorecidos. Nos ditos contornos, as administracións procederán a un axuste das ratios alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.»

TÍTULO II. EQUIDADE E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES EN EDUCACIÓN

«Capítulo I: **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**

«Artigo 73. Ámbito.

1. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2. O sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección precoz dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan alcanzar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos os alumnos. Para tal efecto, as administracións educativas dotarán estes alumnos do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.»

«Artigo 74.

«2. A identificación e valoración das necesidades educativas deste alumnado realizaranas, o máis axiña posible, profesionais especialistas e nos termos que



determinen as administracións educativas. Neste proceso serán preceptivamente oídos e informados os pais, nais ou titores legais do alumnado.

3. Ao finalizar cada curso avaliarase o grao de consecución dos obxectivos establecidos de maneira individual para cada alumno. A dita avaliación permitirá proporcionar a orientación adecuada e modificar a atención educativa prevista, así como o réxime de escolarización, que tenderá a lograr a continuidade, a progresión ou a permanencia do alumnado no máis inclusivo.

4. Corresponde ás administracións educativas promover a escolarización na educación infantil do alumnado que presente necesidades educativas especiais e desenvolver programas para a súa adecuada escolarización nos centros de educación primaria e secundaria obrigatoria. Para atender adecuadamente a dita escolarización, a relación numérica entre profesorado e alumnado poderá ser inferior á establecida con carácter xeral.

5. Corresponde, así mesmo, ás administracións educativas favorecer que o alumnado con necesidades educativas especiais poida continuar a súa escolarización de maneira adecuada en todos os niveis educativos pre e postobrigatorios; (...) proporcionar os recursos e apoios complementarios necesarios e proporcionar as atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos dalgún tipo durante o curso escolar.»

«Capítulo II. **Equidade e compensación das desigualdades en educación.**

«Artigo 87. *Equilibrio na admisión de alumnos.*

1. (...) As administracións garantirán unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e disporán as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza. Para isto, establecerán unha proporción equilibrada do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que deba ser escolarizado en cada un dos centros públicos e privados concertados e garantirán os recursos persoais e económicos necesarios aos centros para ofrecer o dito apoio.(...)

«Artigo 112. *Medios materiais e humanos.*

3. Os centros que escolaricen alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en proporción maior á establecida con carácter xeral ou para a zona en que se localicen, recibirán os recursos complementarios humanos e materiais necesarios para atender adecuadamente a este alumnado. Para tal fin, a proporción



de alumnado por profesor poderá ser inferior á establecida no número 1 do artigo 157.»

«**Disposición adicional cuarta.** *Evolución da escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.*

(...) As administracións educativas continuarán prestando o apoio necesario aos centros de educación especial para que estes, ademais de escolarizaren os alumnos e alumnas que requiran unha atención moi especializada, desempeñen a función de centros de referencia e apoio para os centros ordinarios.

«**Disposición adicional vixésimo terceira.** *Datos persoais dos alumnos*

2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información a que fai referencia este artigo. (...) será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, e non se poderá tratar con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.

3. (...) O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ó honor e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeto ao deber de sigilo.

CONVENIOS. «**Disposición adicional cuadraxésimo novena.** *Programas e estratexias de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.*

As administracións educativas e a Administración local poderán desenvolver programas e estratexias de atención educativa complementaria de apoio á escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, mediante fórmulas non contractuais, con entidades privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións.

DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS. «**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*

Modifícase o artigo cuarto dando nova redacción aos dereitos e deberes dos pais, nais ou titores legais en relación coa educación dos seus fillos e fillas ou pupilos e pupilas.

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN. «**Disposición derradeira quinta.**

1. No momento de entrada en vigor aplicáronse as modificacións relativas:

- a) Á participación e competencias de consello escolar, claustro e director ou directora.



2. Ao inicio deste curso (2021-22) implantáronse:
 - a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.
3. No curso 2022/23 implantaranse as modificacións relativas:
 - a) Currículo, organización e obxectivos de 1º, 3º e 5º de educación primaria.
4. No curso 2023/24 implantaranse as modificacións relativas:
 - a) Currículo, organización e obxectivos de 2º, 4º e 6º de educación primaria.
 - e) Avaliacións de diagnóstico de 4º de primaria e 2º de ESO.

Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas mínimas de Educación Infantil. (BOE de 02/02/2022)

«Artigo 13: Atención ás diferenzas individuais.

1. A atención individualizada constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.
2. A intervención educativa contemplará a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas e identificando aquelas características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de garantir a plena inclusión de todo o alumnado.
3. As administracións educativas establecerán procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poden darse nos procesos de ensinanza e aprendizaxe e na prevención das mesmas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitarán a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.
4. Os centros adoptarán as medidas axeitadas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.
5. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e necesidades persoais dos nenos e nenas que presenten necesidades educativas especiais.
6. As administracións educativas poderán incorporar á súa oferta educativa as linguas de signos españolas.



«**Anexo I. Competencias clave na Educación Infantil.** (...) Coa fin de favorecer a inclusión de todo o alumnado, prestarase especial atención á accesibilidade do material manipulativo na aula. Así mesmo, o deseño das actividades diarias debe abordarse dende un enfoque de prevención da discriminación; para asegurar o benestar emocional e fomentar a inclusión social do alumnado con discapacidade, garantirase a interacción cos iguais no desenvolvemento de ditas actividades. Da mesma maneira, teranse en conta as posibles necesidades específicas no relativo á comunicación e á linguaxe do alumnado con discapacidade.

«**Anexo II. Áreas da Educación Infantil.** (...) A inclusión na aula de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo achega aos nenos e nenas á diversidade de formas de ser e estar no mundo e axúdaos a observar como actúan as persoas que deben desenvolverse dun modo diferente ao que eles consideran habitual. Un aula inclusiva dá cabida a diferentes posibilidades e limitacións, a distintos modos de linguaxe e comunicación, a diversas formas de mobilidade e a múltiples maneiras de achegarse e comprender o entorno. A convivencia mutua enriquece a todas as persoas, desenvolve unha sociedade máis xusta e tolerante na que as diferencias non se conciben coma un impedimento, senón coma unha oportunidade de crecemento persoal e social para toda a comunidade educativa.»

99

Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. (BOE de 02/03/2022)

«**Artigo 3. A etapa de Educación Primaria no marco do sistema educativo**

2. A Educación Primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas que terán un carácter global e integrador, estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.

«**Artigo 5. Principios xerais**

4. As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten (...) rexeranse polos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe

«**Artigo 6. Principios pedagóxicos.**

1. Nesta etapa porase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación



e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecten calquera destas situacións.

6. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores

«**Artigo 13.** *Titoría e orientación.*

3. Ao longo do terceiro ciclo, dende a titoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación educativa, académica e profesional que inclúan, cando menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións, así coma a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

«**Artigo 14.** *Avaliación.*

2. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. (...)

3. As administracións educativas desenvolverán orientacións para que os centros docentes poidan elaborar plans de reforzo ou de enriquecemento curricular que permitan mellorar o nivel competencial do alumnado que o requira.

6. Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, accesibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

«**Artigo 15.** *Promoción.*

1. Ao finalizar cada ciclo, o equipo docente adoptará as decisións relativas á promoción do alumnado de maneira colexiada, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor ou a titora. (...)

3. Se nalgún caso e tras ter aplicado as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou a alumna, o equipo docente considera que a permanenza un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento, organizarase un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, poida acadar o grao esperado de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Ao finalizar cada un dos ciclos, o titor ou a titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave por parte de cada alumno ou alumna,



indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte.

«**Artigo 16.** *Atención ás diferencias individuais.*

1. Co obxecto de reforzar a inclusión (...), nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos e alumnas, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a permanencia nun mesmo curso, particularmente en entornos socialmente desfavorecidos.

5. Os mecanismos de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos coma curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

6. Adoptaranse medidas curriculares e organizativas inclusivas para asegurar que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poda acadar os obxectivos e as competencias da etapa. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas na ensinanza e a avaliación da lingua estranxeira, especialmente con aquel alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

«**Artigo 17.** *Alumnado con necesidades educativas especiais.*

1. A escolarización do alumnado que presenta necesidades educativas especiais rexerese polos principios de normalización e inclusión (...)

3. No caso deste alumnado, os referentes da avaliación serán os incluídos en ditas adaptacións, sen que este feito poda impedirles promocionar de ciclo ou etapa.

4. A identificación e a valoración das necesidades educativas deste alumnado farase canto antes por profesionais especialistas (...). Neste proceso serán preceptivamente escoitados e informados os pais, nais, titores ou titoras legais do alumnado. (...)

«**Artigo 18.** *Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.*

1. Corresponde ás administracións educativas adoptar as medidas necesarias para identificar ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e valorar de forma temperá as súas necesidades.



2. A escolarización deste alumnado rexeráse polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanenza no sistema educativo.

3. A identificación, valoración e intervención das necesidades educativas deste alumnado realizarase da forma máis temperá posible (...)

«**Artigo 19.** *Alumnado con integración tardía no sistema educativo español.*

1. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo español realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico. Cando presente graves carencias na lingua ou linguas de escolarización, recibirá unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

2. Aqueles que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular dun ciclo ou máis poderán ser escolarizados no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar dito desfase, incorporaranse ao grupo correspondente á súa idade.

«**Artigo 20.** *Alumnado con altas capacidades intelectuais.*

Nos termos que determinen as administracións educativas, poderase flexibilizar a escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, de forma que poda reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

«**Artigo 23.** *Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.*

As administracións educativas garantirán o dereito do alumnado a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, para o cal establecerán os oportunos procedementos, que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

«**Artigo 24.** *Participación e dereito á información de nais, pais, titoras ou titores legais.*



As nais, pais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo do alumnado, colaborando nas medidas de apoio ou reforzo que adopten

os centros para facilitar o seu progreso. Terán, ademais, dereito a coñecer as decisións relativas á súa avaliación e promoción, así como o acceso ós documentos oficiais de avaliación e as probas e documentos das avaliacións que se realicen ós seus fillos, fillas, tutelados ou tuteladas (...)

DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG de 11/02/2022)

«Artigo 5. Admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

1. A admisión de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, (...), garantindo unha axeitada e equilibrada escolarización e as medidas necesarias para evitar a segregación do alumnado por razóns socioeconómicas ou doutra natureza.
2. Favorecerase a admisión do dito alumnado en centros ordinarios, e só cando as ditas necesidades non se poidan atender no marco das medidas de atención á diversidade, escolarizarase en unidades ou centros de educación especial.
3. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación establecerase a proporción de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que pode escolarizarse en cada un dos centros sostidos con fondos públicos; con esta finalidade, resérvase ata o final do prazo de matrícula un mínimo do dez e un máximo dun quince por cento de postos escolares por unidade.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG de 11/02/2022)

«Artigo 4. Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

1. Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do



alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

2. Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. (...) deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

«Artigo 5. *Avaliación*.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

«Artigo 6. *Promoción*

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso cun plan específico de reforzo. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias



desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (DOG de 11/03/2021)

«Artigo 2. Normas de organización e funcionamento

1. As normas de organización e funcionamento dos centros docentes conterán as disposicións que garantan e faciliten a comunicación entre o alumnado, as familias, as persoas docentes titoras, o resto do profesorado e os órganos de coordinación didáctica

«Artigo 3. Avaliación segundo criterios obxectivos

2. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros deberán facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas.

(...) Cada equipo docente, departamento didáctico ou as persoas responsables dos centros privados, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, materias ou ámbitos, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación.

3. A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, materias e ámbitos manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal. (...)



Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

No **Capítulo III** trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade.

«Artigo 5. Principios xerais

3. Co obxectivo de garantir os principios de equidade e inclusión, a programación, a xestión e o desenvolvemento da educación infantil atenderán á compensación dos efectos que as desigualdades de orixe cultural, social e económica teñen na aprendizaxe e na evolución infantil, así como á detección precoz e á atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo.

4. Con este mesmo obxectivo, as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe.

«Artigo 8. Competencias clave

No anexo I deste decreto establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

«Artigo 9. Áreas

2. As áreas da educación infantil son as seguintes:

- a) Comunicación e Representación da Realidade.
- b) Crecemento en Harmonía.
- c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

«Artigo 11. Horario

3. Os períodos lectivos organizaranse baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualos ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía.

Capítulo III Titoría e Atención á Diversidade



«Artigo 18. Titoría e orientación

2. Desde a titoría coordinarase a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnas e alumnos

4. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos.

«Artigo 19. Atención á diversidade

1. A atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.

2. A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, e identificando as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

3. A consellería con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poden darse nos procesos de ensino e aprendizaxe e a prevención destas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz.

4. Os centros docentes adoptarán as medidas adecuadas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e ás necesidades persoais das nenas e dos nenos que presenten necesidades educativas especiais.

5. O profesorado e o resto de profesionais que atendan as nenas e os nenos adaptarán ás concrecións do currículo a súa propia práctica educativa, baseándose no deseño universal para a aprendizaxe (...)

Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

«Artigo 17. Elementos transversais

3. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

«Artigo 18. Coordinación entre etapas

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria e desde esta á educación



secundaria obrigatoria, os centros docentes establecerán mecanismos para favorecer a coordinación entre as diferentes etapas.

Capítulo III Titoría e Atención á Diversidade

«Artigo 19. Titoría e orientación

1. Na educación primaria, a orientación e a acción titorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado

5. Ao longo do terceiro ciclo, desde a titoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

«Artigo 20. Atención á diversidade

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

2. (...) Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

3. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión (...)

«Artigo 21. Avaliación.

1.(...) Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. (...)

«Artigo 22. Promoción



1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, (...), o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. (...). A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. (...) considerarase unha medida de carácter excepcional (...) Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes

«**Artigo 23. Avaliación de diagnóstico.** No cuarto curso de educación primaria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado

«**Disposición derradeira primeira. Calendario de implantación.** (...) implantarase para os cursos primeiro, terceiro e quinto no curso escolar 2022-2023, e para os cursos segundo, cuarto e sexto no curso escolar 2023-2024.

“-Resulta esencial poñer a énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito educativo para potenciar a inclusión e permitir dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 21/12/2011).

Enténdese por **Atención á Diversidade** “[...] o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (**Art. 3**)

No **Artigo 4** establécense os principios polos que se rexerá a atención á diversidade: normalización e inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación;



flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa. No **Artigo 12** establécese o Plan xeral de atención á diversidade (PXAD) como o documento en que se articula a atención á diversidade e recóllese a súa estrutura. Neste Plan concréntanse as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro docente diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG, 26/10/2021).

Describe un marco educativo que persigue a inclusión efectiva de todo o alumnado a través do deseño universal para a aprendizaxe (DUA), con independencia da súa diversidade; asegura que o currículo sexa planificado e posto en práctica de tal forma que non supoña impedimento nin barreira para as persoas no desenvolvemento das súas competencias.

Ao longo dos diferentes artigos que componen a Sección I do CAPÍTULO II defínense os diferentes conceptos que abrangue o de “Alumnado con necesidade específica de apoio educativo”

«**Artigo 6.** *Alumnado con necesidade específica de apoio educativo*

(...) enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

«**Artigo 7.** *Alumnado con necesidades educativas especiais*

(...) enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a



súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

«Artigo 8. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

1. (...) enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

«Artigo 9. Alumnado con altas capacidades intelectuais

2. (...) considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

«Artigo 10. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificando, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

No CAPÍTULO III regúlase a Escolarización do alumnado e a súa promoción, cos seguintes:

«Artigo 25. Principios xerais

1. (...) priorizárase a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordinarios fronte ás unidades ou aos centros de educación especial.

2. Os centros docentes ordinarios constitúen o referente básico para os efectos da escolarización, polo que se garantirá a acesibilidade de todo o alumnado escolarizado neles.

«Artigo 41. Concepto de medidas de atención á diversidade

«Sección 1ª. Medidas ordinarias



- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas de enriquecemento curricular
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso
- Programas de habilidades e competencias sociais

«**Artigo 48.** *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria* (Anexo I). Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo.

«**Sección 2ª.** *Medidas extraordinarias*

- Adaptacións curriculares (art. 55)
- Agrupamentos flexibles (art. 56)
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (art. 57)
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria
- Rexistro das medidas de flexibilización
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes



- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

«**Artigo 55.** *Adaptacións curriculares* (Anexo II).

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II.

«**Artigo 57.** *Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL* (Anexo V).

O profesorado especialista en PT e AL deberá elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado por dito departamento.

«**Sección 3ª.** *Plan xeral de atención á diversidade*

Artigos 71, 72, 73, 74, 75 e 75. Concepto, contido, estrutura, procedemento de elaboración e aprobación, concreción anual, seguemento e avaliación e supervisión do Plan xeral de atención á diversidade

«**Capítulo V. Recursos para a equidade e a inclusión**

O capítulo V trata sobre os recursos necesarios para garantir a equidade e a inclusión, considerando tanto os recursos de tipo material como os de tipo profesional. Entre os profesionais, faise referencia específica ao persoal auxiliar coidador, ao persoal intérprete de lingua de signos e ás familias.

«**Artigo 78.** *Recursos materiais*

Entre o equipamento material necesario nos centros para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado, considérase a accesibilidade ás súas instalacións e/ou dependencias.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará dos servizos materiais complementarios adaptados o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que os precise. Esa necesidade deberá acreditarse nos informes e/ou ditames correspondentes (...)

«**Artigo 79.** *Recursos profesionais*

Ademáis da atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica ou de Audición e Linguaxe, considéranse os seguintes:

«**Artigo 80.** *O persoal auxiliar coidador como recurso*



Enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria (...)

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá 1/6.

«**Artigo 81.** *Intérpretes de lingua de signos e guías-intérpretes de persoas con xordocegueira nos centros docentes*

(...) constitúen un recurso extraordinario de apoio aos centros docentes que escolarizan alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade auditiva e/ou xordocegueira, en grao severo ou profundo (...)

«**Artigo 83.** *A familia como recurso*

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán colaborar na promoción da súa autonomía, do seu esforzo, e en xeral de todo o que contribúa ao seu desenvolvemento harmónico. Igualmente, colaborarán nos procesos da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica, cando sexan requiridas.

«**Artigo 84.** *Os centros de educación especial como centros de referencia e apoio* (...) ademais do seu labor na escolarización de determinado alumnado con necesidades educativas especiais, (...) , constituiranse como centros de referencia e apoio, ou centros de recursos específicos.

«**CAPÍTULO VI. Participación, colaboración e coordinación**

«**Artigo 87.** *A participación e a colaboración das familias*

«**Artigo 88.** *A participación, a colaboración e a coordinación de entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro relacionadas coa atención á diversidade*

«**Artigo 89.** *A coordinación entre profesorado*

«**Artigo 90.** *A coordinación entre centros docentes*

«**CAPÍTULO VII. O desenvolvemento social e emocional do alumnado. A protección e a promoción do talento.**

«**Artigo 94 e 95.** *Desenvolvemento emocional*

«**Artigo 97.** *O cambio de paradigma do “non é capaz” ao “é capaz”*

«**Disposición derogatoria única. Derogación normativa**

Derróganse as seguintes disposicións normativas:

1. Orde do 6 de outubro de 1995 (adaptacións do currículo)



2. Orde do 31 de outubro de 1996 (avaliación psicopedagóxica)
3. Orde do 28 de outubro de 1996 (sobredotación intelectual).
4. Orde do 27 de decembro de 2002 (escolarización alumnado con NEE)
5. Orde do 20 de febreiro de 2004 (alumnado procedente do estranxeiro)



ANEXO II

Documentos

Acta Intervención do EOE.....	1
Acta de Reunión (Modelo).....	3
Acta de Reunión para Elaboración da AC.....	4
Acta Reunión con Familias de Alumnado Repetidor.....	6
Adaptación Curricular - Comunicación ás Familias	7
Adaptación curricular - Expediente	8
Autorización de Información a Axentes Externos.....	12
Avaliación Inicial do Alumnado polo Profesorado Titor.....	13
Avaliación Psicopedagóxica Inicial- Cuestionario Confidencial	16
Avaliación Psicopedagóxica - Información ás Familias.....	20
Informe de Avaliación Psicopedagóxica Inicial.....	21
Departamento de Orientación- Solicitud de Intervención.....	23
Entrega de Documentación Confidencial- Xustificante.....	27
Informe de Alta de Apoios de PT, AL.....	28
Informe DO para Axudas Fondo Solidario.....	29
Informe DO/EOE para Becas NEAE.....	31
Informe Final Etapa Alumnado NEAE.....	34
Informe Individual Final Apoios PT, AL.....	36
Informe Individual Final Reforzo Educativo RE.....	38
Plan Específico de Reforzo Alumnado Repetidor.....	40
Plan Individual Intervención PT, AL.....	45
Proposta de Exención Segunda Lingua Estranxeira 1º ESO.....	46
Protocolo Derivación a Pediatría / USMI-X.....	47
Protocolo Seguimento Escolar para Servizos Médicos.....	49
Protocolo Seguimento Psicopedagóxico para USMI-X.....	51
<i>Entidades con Convenio coa Consellería de Educación.....</i>	<i>53</i>
<i>Protocolos da Consellería de Educación. Educonvives.....</i>	<i>55</i>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. San Francisco Xabier

Ronda de Outeiro, 72

15009 A Coruña

☎ 881960980 📠 881960987

ceip.sanfrancisco@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>

Dona: M^a Dolores Moreno Ramil

Cargo: Secretaria

Código do centro: 15025025

Denominación do centro: CEIP San Francisco Javier

Localidade e provincia: A Coruña (A Coruña)

CERTIFICA:

Que,

No Consello Escolar celebrado neste centro en convocatoria de carácter ordinario o día 29 de xuño de 2022,

- Foi aprobado o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, previa aprobación polo Claustro de Profesorado o mesmo día en reunión ordinaria.

E para que así conste asino o presente certificado en A Coruña, a 1 de xullo de 2022.

Vº A DIRECTORA,



A SECRETARIA,

Asdo: M^a Jesús Rodríguez Eirís

Asdo: M^a Dolores Moreno Ramil